

orçamentos
2010

MEMORIA TOMO I

XUNTA DE GALICIA

MEMORIA

Tomo I



ÍNDICE:

I. Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010	1
II. O orzamento da Administración Xeral	17
1. Ingresos: análise por capítulos	20
2. Gastos	40
2.1 Análise por capítulos	
2.2 Detalle da clasificación económica das seccións orzamentarias	
III. Os orzamentos dos organismos autónomos	103
IV. Os orzamentos das axencias públicas autonómicas	123
V. Consolidación dos entes con orzamento limitativo	127
1. Ingresos previstos	130
2. Créditos autorizados	134
3. A conta financeira	147
VI. As sociedades públicas	151
VII. As fundacións e os consorcios	159
VIII. Datos consolidados do Sector Público Autonómico	167
IX. O marco xurídico. Comentarios ao texto articulado	173

**I. OS ORZAMENTOS XERAIS DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE
GALICIA
PARA O ANO 2010**

ÁMBITO DOS ORZAMENTOS, CONTIDO E ESTRUTURA

ÁMBITO ORZAMENTARIO

O artigo 53.1 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, polo que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia establece que “O orzamento será único e incluírá a totalidade dos gastos e ingresos da Comunidade Autónoma galega e dos organismos, institucións e empresas dela dependentes”. En virtude deste mandamento estatutario a Lei de Orzamentos, como norma que rexe e disciplina a actividade económica-financeira da Comunidade Autónoma, debe reflectir a totalidade dos gastos e ingresos do sector público autonómico, o que supón a plasmación do principio de universalidade orzamentaria.

Consonte ao antedito principio e ao perímetro de consolidación do sistema europeo de contas (SEC-95 en diante), o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, no artigo 48, establece que os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma estarán integrados por:

- a) O orzamento da Administración Xeral.
- b) Os orzamentos dos organismos autónomos.
- c) Os orzamentos das axencias públicas autonómicas.
- d) Os orzamentos de explotación e de capital das sociedades públicas de carácter mercantil.
- e) Os orzamentos dos demais entes públicos aos que fai referencia o artigo 12 da indicada lei.
- f) Os orzamentos de explotación e capital das fundacións.
- g) Os orzamentos dos consorcios.

No orzamento da Administración Xeral aparecen incluídas, en seccións singularizadas, os diferentes departamentos e órganos sen personalidade xurídica diferenciada que constitúen a Administración autonómica en sentido estrito. Ademais, inclúense outra serie de organismos de carácter estatutario ou que teñen

a súa orixe nunha lei ordinaria que prevé a integración dos seus orzamentos nos da Comunidade Autónoma, aínda que dispoñen de completa independencia funcional. Desta forma, intégranse nos orzamentos xerais os do Parlamento de Galicia, o Consello de Contas, o Consello da Cultura Galega e o Consello Consultivo. Finalmente, figuran como seccións independentes as Transferencias as Corporacións Locais, a Débeda Pública e os Gastos de Diversas Consellerías, que pola peculiaridade das súas características e pola especial natureza dos gastos aconsellan a súa inclusión como seccións específicas.

Os orzamentos dos organismos autónomos, dan cobertura á actividade económica financeira dos entes de dereito público desa natureza, creados cunha finalidade eminentemente instrumental, realizando en réxime de descentralización administrativa funcións ou actividades da competencia da Comunidade Autónoma.


Os orzamentos das axencias públicas autonómicas, integrados polos distintos estados financeiros esixidos ás entidades instrumentais de dereito público creadas polo Consello da Xunta e facultadas para exercer potestades administrativas, recollen os recursos para o cumprimento dos programas correspondentes ás políticas públicas que desenvolva a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das súas competencias.

As sociedades públicas mercantís, así como os entes de dereito público con personalidade xurídica propia que por lei teñan que adecuar a súa actividade ao ordenamento xurídico privado, presentan orzamentos de explotación e capital que dan cobertura á súa actividade.

Os orzamentos dos consorcios, creados para axilizar a xestión dos servizos públicos mediante a colaboración entre administracións públicas, están integrados polos seus estados de gastos e ingresos para o cumprimento de dita finalidade.

Os orzamentos de explotación e capital das fundacións presentan os estados financeiros necesarios para a realización dos seus fins de interese xeral.

Desta forma, preséntase os Orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2010, considerándose todas as entidades que abrangue o perímetro de consolidación definido polo SEC-95, con excepción das universidades públicas, así como o resto de entidades con participación maioritaria da Xunta de Galicia.



1) Como organismos autónomos figuran os seguintes:

a) De carácter administrativo:

- Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.
- Escola Galega de Administración Pública.
- Academia Galega de Seguridade Pública.
- Instituto Galego de Estatística.
- Tribunal Galego de Defensa da Competencia.
- Augas de Galicia.
- Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.
- Instituto Galego de Consumo.
- Servizo Galego de Saúde.
- Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

b) De carácter comercial, industrial e financeiro ou análogo:

- Instituto Galego da Vivenda e Solo.
- Fondo Galego de Garantía Agraria.

2) Como axencia pública autonómica figura a seguinte:

- Axencia Galega das Industrias Culturais.

3) Como entes de dereito público figuran os seguintes:

a) Presidencia da Xunta de Galicia:

- Compañía de Radiotelevisión de Galicia, que consolida os seus orzamentos con Televisión de Galicia, S.A., e Radiotelevisión de Galicia, S.A., sociedades por ela constituídas.

b) Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza:

- Axencia Galega de Emerxencias.

c) Consellería de Facenda:

- Consello Económico Social.
- Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable.

d) Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

- Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

e) Consellería de Economía e Industria:

- Instituto Galego de Promoción Económica.
- Instituto Enerxético de Galicia.

f) Consellería de Traballo e Benestar:

- Consello Galego de Relacións Laborais.

g) Consellería do Medio Rural:

- Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

h) Consellería do Mar:

- Portos de Galicia.
- Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.

4) Como sociedades públicas mercantís figuran as seguintes:

a) Presidencia da Xunta de Galicia:

- Televisión de Galicia, S.A.
- Radiotelevisión de Galicia, S.A.
- Redes de Telecomunicación Galegas, Retegal, S.A.

b) Consellería de Facenda:

- Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.
- Sociedade Pública Autoestrada Alto de S. Domingo-Ourense, S.A.

c) Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

- Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.
- Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.
- Xestión Urbanística de Lugo, S.A.
- Xestión Urbanística de Ourense, S.A.
- Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.

d) Consellería de Economía e Industria:

- Galicia Calidade, S.A.
- Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A.
- Xes Galicia, S.A.
- Sodiga Galicia, S.A.
- Sociedade Anónima de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia.

e) Consellería de Sanidade:

- Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.

f) Consellería de Cultura e Turismo:

- Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo.
- Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.

g) Consellería do Medio Rural:

- Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.
- Xenética Fontao, S.A.
- Empresa Pública Servizos Agrarios Galegos S.A.
- Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galicia.

5) Como fundacións figuran as seguintes:

a) Presidencia da Xunta de Galicia:

- Fundación Galicia Emigración.
- Fundación Deporte Galego.

b) Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza:

- Fundación Axencia Humanitaria de Galicia.
- Fundación Semana Verde de Galicia.
- Fundación Galicia Europa.

c) Consellería de Economía e Industria:

- Fundación Feiras e Exposicións de Lugo.
- Fundación Centro de Supercomputación de Galicia.
- Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico
- Fundación Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia.
- Fundación Instituto Ferial de A Coruña.
- Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada.
- Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño.

d) Consellería de Sanidade :

- Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía.
 - Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria.
 - Fundación Pública Urgencias Sanitarias Galicia 061.
 - Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia.
 - Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.
- e) Consellería de Cultura e Turismo :
- Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
 - Fundación Illa de San Simón.
- f) Consellería de Traballo e Benestar :
- Fundación Galega para o impulso da autonomía personal e a atención ás persoas en situación de dependencia.
- g) Consellería do Medio Rural :
- Fundacións para o Desenvolvemento Comarcal.
 - Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.
 - Fundación ROF-Codina.
- 6) Como consorcios figuran as seguintes:**
- a) Presidencia da Xunta de Galicia:
- Consorcio Audiovisual de Galicia.
- b) Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:
- Consorcio Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia.
- c) Consellería de Cultura e Turismo:
- Consorcio Instituto de Estudos Turísticos de Galicia.
- d) Consellería de Traballo e Benestar :
- Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

ÁMBITO DOS ORZAMENTOS XERAIS PARA O ANO 2010

Comunidade autónoma	00.AA.		Axencias públicas	Sociedades Públicas		Fundacións	Consortios
	Administrativos	Comerciais, ind. e financ.		Entes públicos	Sociedades mercantís		
Parlamento							
Consello de Contas							
Consello Cultura Galega							
Presidencia da Xunta	- SGPIHM			- CRTVG	- TVG S.A. - RTVG S.A. - RETEGAL S.A.	- F. Galicia Emigración - F. Deporte Galego	- C. Audiovisual de Galicia
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	- EGAP - AGASP			- Axencia Galega de Emerxencias		- F. Axencia Humanitaria de Galicia - F. Semana Verde de Galicia - F. Galicia Europa	
Facenda	- IGE - Tribunal Galego Defensa Compet.			- CES - CIXTEC	- SPI Galicia S.A. - Aceousa		
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	- Augas de Galicia - APLU	- IGVS		- EPOSH	- Sogama S.A. - Xestur Coruña S.A. - Xestur Lugo S.A. - Xestur Ourense S.A. - Xestur Pontevedra S.A		- Ceida - C. Rede Abastecemento Auga en Cervo e Burela
Economía e Industria	- IGC			- IGAPE - INEGA	- Galicia Calidade S.A. - CEEI Galicia S.A. - XES Galicia S.A. - Sodiga Galicia - S.A. Centro Supercomput. de Galicia	- F. Feira e Exposicións de Lugo - F. Centro Supercomputación - F. Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico - F. Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento - F. Instituto Ferial de A Coruña - F. Exposicións e Congresos A Estrada - F. Centro Galego de Artesanía e Deseño	


ÁMBITO DOS ORZAMENTOS XERAIS PARA O ANO 2010 (Continuación)

Comunidade autónoma	00.AA.		Axencias públicas	Sociedades Públicas		Fundacións	Consortios
	Administrativos	Comerciais, ind. e financ.		Entes públicos	Sociedades mercantís		
SECCIÓNS							
Educación e Ordenación Universitaria							
Sanidade	- Sergas				- Galaria S.A.	- F. Instituto Galego de Oftalmoloxía - F. Pública Escola Galega Admón Sanitaria - F. Pública Urxencias Sanitarias 061 - F. Pública Centro Transfusión Galicia - F. Pública Galega de Medicina Xenómica	
Cultura e Turismo			- Agadic		- S.A. Xestión Xacobeo - S. Imaxe e Promoción Turística S.A.	- F. Cidade da Cultura - F. Illa de San Simón	- C. Instituto de Estudos Turísticos
Traballo e Benestar	- Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral			- Consello Galego de Relacións Laborais		- Funga	- C. Galego de Servizos Igualdade e Benestar
Medio Rural		- FOGGA		- Agader - Ingacal	- Sodeco S.A. - Xenética Fontao S.A. - Seaga S.A. - Bantegal S.A.	- Fundacións para o Desenvolvemento Comarcal - F. Centro Tecnolóxico da Carne - Fundación ROF- Codina	
Mar				- Portos de Galicia - Inst. Tecnolóxico Control Medio			
Consello Consultivo de Galicia							
Transferencias a CC.LL.							
Débeda Pública							
Gastos de diversas Consellerías							

CONTIDO DOS ORZAMENTOS

Respecto ao contido da Lei de orzamentos, podemos distinguir, dous compoñentes claramente diferenciados.

Por un lado o texto articulado, que contén a ordenación xurídica da actividade económico financeira especificamente aplicable ós orzamentos do ano 2010, e concretase na aprobación dos orzamentos, é dicir a previsión dos ingresos que se espera realizar e a autorización dos gastos que como máximo se poderán recoñecer, así coma unha serie de normas de diverso calado que se consideran necesarias para conseguir unha mellor xestión dos recursos e dos créditos orzamentarios.



En segundo lugar, os estados numéricos de ingresos e gastos, cuantifican e detallan as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar, e a distribución dos créditos autorizados para a execución dos diferentes programas de gasto, así como os estados financeiros das sociedades públicas, dos organismos autónomos comerciais, industriais ou financeiros, das axencias públicas autonómicas e das fundacións.

ESTRUTURA ORZAMENTARIA

No referente a súa estrutura os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma axústanse ás seguintes regras:


- 1) Os estados de gastos son elaborados aplicando unha clasificación funcional por programas, que identifica a finalidade do gasto. Por outro lado, a clasificación orgánica proporciona información sobre o axente que realiza o gasto, e a clasificación económica identifica a natureza do mesmo.
- 2) Para cada programa de gasto establécense os obxectivos que se pretenden conseguir cos recursos que se lle asignan, e tamén, cando resulta posible, os indicadores de seguimento que se consideran adecuados para analizar o grao de consecución deses obxectivos.
- 3) Os gastos correntes e os gastos de capital preséntanse de forma separada, e a súa clasificación económica seguirá os seguintes criterios:
 - a) Nos créditos para gastos correntes distinguiranse os necesarios para o funcionamento dos servizos, os gastos financeiros e as transferencias correntes.
 - b) Nos créditos para gastos de capital distinguiranse os de investimentos reais, as transferencias de capital e as variacións de activos e pasivos financeiros.

Conforme ás regras indicadas o gasto orzamentario adopta unha triple clasificación:

- **Funcional por programas**, que permite coñecer o destino ou finalidade do gasto.
- **Orgánica**, que identifica ao órgano xestor que asume a realización do gasto.

- **Económica**, que informa sobre a concreción do gasto segundo a súa natureza económica.

Polo que respecta aos estados de ingresos, que expresan a contía e natureza da totalidade dos recursos previstos para o financiamento dos gastos autorizados no exercicio, presentan unha clasificación moito máis acotada ou sinxela, xa que de conformidade co artigo 49 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, presentarán unicamente unha clasificación económica, distinguindo entre os que corresponden a operacións correntes e a operacións de capital.



Por último, en canto a estrutura orzamentaria, hai que resaltar as peculiaridades propias dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros e demais entes con orzamento de gasto limitativo, nas que se inclúen as axencias públicas autonómicas, e por outra a estrutura das sociedades públicas, fundacións e demais entes non suxeitos a orzamentos limitativos, que determinan a súa diferenza respecto da estrutura establecida para a Administración Xeral e para os organismos autónomos administrativos.

Os organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros e demais entes con orzamento de gasto limitativo, están obrigados a presentar un pormenor de ingresos e gastos, integrado pola conta-resumo de operacións comerciais e o estado demostrativo da variación do fondo de manobra, e ademais unha conta de explotación e o cadro de financiamento básico.

As sociedades e fundacións deberán presentar uns orzamentos de explotación e de capital, así como o programa de actuacións, investimento e financiamento e os estados financeiros complementarios, establecidos para cada un deles diferenciando o seu contido segundo rendan contas segundo o Plan xeral de contabilidade pública de Galicia ou da empresa privada.

II. O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

A maior parte da actividade económico-financeira do sector público autonómico canalízase a través dos orzamentos da Administración Xeral. Directamente, por medio da xestión que desenvolven as distintas seccións orzamentarias, ou indirectamente a través do papel financiador que desempeña en relación cos organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, fundacións e consorcios e, en menor medida, coas sociedades públicas autonómicas, xa que as vendas de bens e prestacións de servizos representan, aínda con intensidade moi diferente en cada unha delas, unha parte significativa dos seus recursos, complementados a través das transferencias procedentes da Administración Xeral.

A importancia dese papel, polo que respecta aos organismos autónomos, ofrece resultados moi diferentes. Para o Servizo Galego de Saúde representa a maior parte dos seus recursos. Menor resulta o papel desas transferencias no caso do Instituto Galego da Vivenda e Solo, organismo onde unha parte significativa dos seus recursos proceden da venda das vivendas que constrúe e figuran orzados no capítulo VI, e tamén no caso de Augas de Galicia, que xestiona de forma directa o Canon de saneamento, recurso de gran importancia dentro do conxunto dos seus ingresos.

Con diferentes matices ese mesmo papel financiador desempeña un papel relevante no caso dos entes públicos, aínda que en Portos de Galicia, Obras e Servizos Hidráulicos, e na Compañía de Radiotelevisión de Galicia, pode advertirse unha presenza non desdeñable de recursos procedentes da venda de servizos.

Por último, o papel financiador da Administración Xeral reviste unha intensidade moi distinta nas sociedades mercantís, que dispoñen dun cadro de recursos moito máis diversificado que o dos restantes axentes económicos que se integran nos orzamentos da Comunidade Autónoma.


1. INGRESOS

Os ingresos estimados da Administración Xeral ascenden a 11.371,0 millóns de euros, o que representa unha caída do 0,4% respecto aos do anterior exercicio. Na súa evolución amósanse diferenzas na estrutura dos mesmos, así os ingresos non financeiros experimentan unha caída do 11,8%, alcanzando neste exercicio 9.329,6 millóns de euros, motivado fundamentalmente pola diminución dos ingresos estimados por operacións correntes, que se reducen 1.178,5 millóns de euros.

Orzamento de Ingresos da Administración Xeral							
Distribución económica							
(Miles de Euros)							
Capítulos	2009	2010	Var. 2010/2009		Valor Relativo		
			Importe	%	2009	2010	
I Impostos directos	1.515.943	1.373.788	-142.155	-9,4	13,3	12,1	
II Impostos indirectos	2.399.496	1.896.785	-502.711	-21,0	21,0	16,7	
III Taxas, prezos e outros ingresos	194.252	180.407	-13.845	-7,1	1,7	1,6	
IV Transferencias correntes	5.617.218	5.133.405	-483.813	-8,6	49,2	45,1	
V Ingresos patrimoniais	48.053	12.100	-35.953	-74,8	0,4	0,1	
OPERACIÓNS CORRENTES	9.774.962	8.596.485	-1.178.477	-12,1	85,6	85,6	
VI Alleamento de investimentos reais	11.653	4.000	-7.653	-65,7	0,1	0,0	
VII Transferencias de capital	786.419	729.108	-57.311	-7,3	6,9	6,4	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	798.072	733.108	-64.964	-8,1	7,0	7,0	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	10.573.035	9.329.593	-1.243.442	-11,8	92,6	92,6	
VIII Activos financeiros	290	115	-175	-60,3	0,0	0,0	
IX Pasivos financeiros	844.061	2.041.294	1.197.233	141,8	7,4	18,0	
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	844.351	2.041.409	1.197.058	141,8	7,4	7,4	
TOTAL	11.417.385	11.371.002	-46.384	-0,4	100,0	100,0	

Dentro dos impostos directos, cabe destacar a redución da recadación prevista polo I.R.P.F., 1.203,4 millóns de euros que é a cantidade comunicada como entrega a conta polo Estado, diminuindo nun 12,8% respecto ao ano 2009, motivado pola menor recadación que para este imposto contemplan os orzamentos do Estado.

Os impostos indirectos, que supoñen un 16,7% do total de ingresos, experimentan unha caída do 21,0%, debido, en boa medida, á brusca e profunda contracción da situación económica que, xunto ás restricións ao crédito nos mercados financeiros, motiva, por un lado, a caída no consumo final tanto dos fogares como das empresas, e por outro, un agravamento da situación do sector inmobiliario incurso nun proceso de axuste tanto polo lado da oferta como da demanda. Consecuentemente as figuras tributarias asociadas aos mesmos amosan unha espectacular caída respecto ao ano anterior. Así, o imposto sobre o valor engadido, que continúa sendo a principal fonte de recursos deste capítulo, con 790,2 millóns de euros, diminúe neste exercicio un 32,9%, experimentando a maior redución en termos cuantitativos. Estímase ademais, unha caída de 142,9 millóns de euros polo imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados dada a súa interrelación co sector inmobiliario. En sentido contrario, os impostos especiais experimentan un crecemento do 1,5% fundamentalmente debido aos impostos sobre elaborados do tabaco e sobre a electricidade.



As transferencias correntes ascenden a 5.133,4 millóns de euros, experimentando unha caída do 8,6%. A participación da Comunidade Autónoma no sistema de financiamento, que representa o concepto de maior importancia cuantitativa deste capítulo, un 76,3%, mostra unha diminución de 472,6 millóns de euros neste exercicio.

Menor é a redución das transferencias de capital que alcanzando neste exercicio un importe de 729,1 millóns de euros, redúcense 57,3 millóns debido fundamentalmente á redución dos fondos europeos do actual período de programación 2007-2013, nun 6,1%, e a diminución dos Fondos de Compensación Interterritorial que experimentan unha caída do 14,0.

Os ingresos financeiros presupóstanse por un importe de 2.041,4 millóns de euros. A emisión de Débeda constitúe o recurso principal dentro destes ingresos acadando os 2.037,8 millóns de euros. Reducindo os gastos destinados á amortización da débeda, alcázase un endebedamento neto de 1.521,8 millóns de euros, dos que 138,3 corresponden ao financiamento de investimentos en programas destinados a actuacións produtivas.

Por último, cabe sinalar que os ingresos, 0,2 millóns de euros, dos Órganos Estatutarios se presentan nos cadros desta memoria de forma agregada aos ingresos de administración xeral.

CAPÍTULO I. IMPOSTOS DIRECTOS

Os ingresos deste capítulo ascenden a 1.373,8 millóns de euros, que representan unha diminución do 9,4% respecto aos previstos no ano anterior.

CAPÍTULO I. Impostos directos						
Distribución económica. Variación 2010-2009						(Miles de Euros)
Conceptos	2009	2010	Variación 2010/2009		Valor Relativo	
			Importe	%	2009	2010
100 Tarifa autonómica do IRPF	1.380.119	1.203.388	-176.732	-12,8	91,0	87,6
110 Imposto sobre sucesións e doazóns	135.262	170.000	34.738	25,7	8,9	12,4
111 Imposto sobre o patrimonio	562	400	-161	-28,7	0,0	0,0
TOTAL	1.515.943	1.373.788	-142.155	-9,4	100,0	100,0

A recadación prevista polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas sitúase en 1.203,4 millóns de euros, un 12,8% inferior á do pasado exercicio, debido á caída esperada das rentas salariais e, fundamentalmente, á desproporcionada previsión orzamentaria á alza realizada polo Estado no ano 2009, que serviu de base para determinar as entregas a conta correspondentes a nosa Comunidade Autónoma. A cantidade orzamentada representa o importe das entregas a conta do ano 2010 procedentes da Administración Xeral do Estado calculadas conforme ao sistema de establecido na Lei 21/2001, do 27 de decembro, sistema a aplicar neste ano como réxime transitorio previsto no Acordo 6/2009, do 15 de xullo, do Consello de Política Fiscal e Financeira.

CAPÍTULO I. Impostos directos			
Distribución económica. Evolución 2006-2008			
	(Miles de Euros)		
Conceptos	2006	2007	2008
100 Tarifa autonómica do IRPF	883.785	970.612	1.134.265
110 Imposto sobre sucesións e doazóns	139.422	143.883	165.000
111 Imposto sobre o patrimonio	51.570	53.324	65.026
TOTAL	1.074.777	1.167.819	1.364.291

O Imposto sobre Sucesións e Doazóns alcanza neste ano os 170,0 millóns de euros, o que supón un incremento do 25,7%, en línea coa liquidación esperada para o ano 2009. Este imposto mantén no 2009 un bo comportamento recadatorio, moi por enriba do orzamentado, a pesar das medidas de reforma da normativa e beneficios fiscais adoptados no último ano da anterior lexislatura e que despregaron os seus efectos neste exercicio. A consolidación desta situación leva a prever uns ingresos para o 2010 similares as previsións de peche do 2009.

O Imposto sobre o Patrimonio non sofre apenas variacións respecto a ano anterior, sendo o seu importe residual trala supresión do gravame deste imposto mediante a Lei 4/2008, do 23 de decembro, que introduciu unha bonificación sobre a cota íntegra do imposto do 100%, tanto para a obriga real como para a obriga persoal de contribuir. A compensación que a Comunidade debe recibir do Estado, en aplicación do principio de lealtade institucional recoñecido, presupóstase dentro

do capítulo IV formando parte dos ingresos procedentes do sistema de financiamento. De conformidade co disposto no Acordo 6/2009 do Consello de Política Fiscal e Financeira, as cantidades percibidas por esta compensación deduciránse da liquidación definitiva dos recursos do sistema correspondente ao ano 2010.

CAPÍTULO II. IMPOSTOS INDIRECTOS

A previsión de ingresos derivados de impostos indirectos sitúase en 1.896,8 millóns de euros que representan unha diminución do 21,0% sobre o anterior exercicio.

CAPÍTULO II. Impostos indirectos						
Distribución económica. Variación 2010-2009						
Conceptos	2009	2010	Variación 2010/2009		Valor Relativo	
			Importe	%	2009	2010
200 Sobre transmisións inter vivos	225.210	141.827	-83.382	-37,0	9,4	7,5
201 Sobre actos xurídicos documentados	234.658	175.173	-59.486	-25,3	9,8	9,2
210 Imposto sobre o valor engadido	1.177.974	790.207	-387.767	-32,9	49,1	41,7
220 Impostos especiais	643.025	652.882	9.857	1,5	26,8	34,4
221 Imposto retalista sobre hidrocarburos	97.637	91.637	-6.000	-6,1	4,1	4,8
290 Tributación autonómica sobre o xogo	4.993	3.490	-1.504	-30,1	0,2	0,2
291 Imposto sobre a contaminación atmosférica	16.000	2.961	-13.039	-81,5	0,7	0,2
292 Imposto dano ambiental auga encorada	0	13.500	13.500		0,0	0,7
293 Canon eólico	0	25.109	25.109		0,0	1,3
TOTAL	2.399.496	1.896.785	-502.711	-21,0	100,0	100,0

CAPÍTULO II. Impuestos indirectos			
Distribución económica. Evolución 2006-2008			
	(Miles de Euros)		
Conceptos	2006	2007	2008
200 Sobre transmisións inter vivos	296.752	346.485	298.233
201 Sobre actos xurídicos documentados	265.086	284.371	267.332
210 Imposto sobre o valor engadido	1.126.014	1.291.892	1.370.140
220 Impostos especiais	606.634	592.180	634.276
221 Imposto retalista sobre hidrocarburos	92.369	94.678	96.150
290 Tributación autonómica sobre o xogo	5.246	5.351	4.806
291 Imposto sobre a contaminación atmosférica	20.577	21.092	18.000
TOTAL	2.412.680	2.636.049	2.688.936

A recadación prevista polo Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados redúcese notablemente neste exercicio respecto ao ano anterior, un 31,1% inducido na súa maior parte pola acusada contracción do mercado inmobiliario no que reduciuse o número de operacións. A aplicación dun criterio de prudencia leva a prever os ingresos nos mesmos niveis de recadación que se esperan no 2009.

Merece destacarse ademais, a caída dun 32,9% prevista no Imposto sobre o Valor Engadido. Segundo comunicación recibida por parte da Administración do Estado das entregas a conta calculadas segundo a Lei 21/2001, do 27 de decembro, diminúe este imposto en 387,8 millóns de euros, fundamentalmente, por efecto das previsións de ingresos realizadas polo Estado para o ano 2009, moi por enriba da recadación real que, por este imposto, se está producindo ao longo deste exercicio como consecuencia da espectacular caída do consumo e do anticipo das devolucións as pequenas empresas.

O comportamento dos distintos Impostos Especiais resulta bastante dispar, aínda que en conxunto a previsión amosa un crecemento do 1,5%, debido fundamentalmente ao imposto sobre os elaborados do tabaco e sobre a electricidade. Destaca o Imposto sobre Determinados Medios de Transporte, que amosa unha caída de 32,3 millóns respecto ao ano anterior pola caída nas vendas de vehículos e as consecuentes matriculacións.

Dentro dos impostos autonómicos, inclúese neste exercicio 2010 o Imposto sobre o Dano Medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da Auga Encorada, creado pola Lei 15/2008, do 19 de decembro, cunha previsión inicial de 13,5 millóns de euros. Cabe destacar, ademais, dentro dos impostos indirectos, 25,1 millóns de euros derivados do Canon Eólico, encontrándose actualmente en trámite o texto do anteproxecto de lei que o regula.

CAPÍTULO III. TAXAS, PREZOS E OUTROS INGRESOS

A previsión de ingresos neste capítulo sitúase en 180,4 millóns de euros, o que supón unha diminución do 7,1% respecto ao ano anterior.

As taxas administrativas e prezos representan un total de 52,3 millóns de euros, o que supón unha caída do 11,8% da estimación inicial do ano anterior, como consecuencia da acomodación da previsión do 2010 ás cifras de execución dos últimos exercicios. As sancións impostas polas consellerías incrementáanse neste exercicio nun 11,1%, destacando as da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, cun importe inicial de 13,8 millóns de euros.

CAPÍTULO III. Taxas, prezos e outros ingresos						
Distribución económica. Variación 2010-2009						
Conceptos	2009	2010	Variación 2010/2009		(Miles de Euros)	
			Importe	%	2009	2010
301 Taxas por servizos administrativos	9.193	7.732	-1.462	-15,9	4,7	4,3
302 Taxas por servizos profesionais	26.145	23.137	-3.008	-11,5	13,5	12,8
303 Taxas por venda de bens	424	229	-195	-46,0	0,2	0,1
304 Taxas por dominio público	0	120	120		0,0	0,1
311 Prezos públicos	15.933	16.889	956	6,0	8,2	9,4
312 Prezos privados	7.672	4.251	-3.421	-44,6	3,9	2,4
320 Taxas sobre o xogo	79.458	69.985	-9.473	-11,9	40,9	38,8
380 Reintegros de exercicios pechados	10.005	14.532	4.526	45,2	5,2	8,1
381 Reintegros de orzamento corrente	7.124	3.968	-3.156	-44,3	3,7	2,2
391 Recargas e multas	12.147	9.903	-2.245	-18,5	6,3	5,5
392 Sancións impostas polas consellerías	22.491	24.993	2.501	11,1	11,6	13,9
399 Ingresos diversos	3.657	4.669	1.011	27,7	1,9	2,6
TOTAL	194.252	180.407	-13.845	-7,1	100,0	100,0

CAPÍTULO III. Taxas, prezos e outros ingresos			
Distribución económica. Evolución 2006-2008			
	(Miles de Euros)		
Conceptos	2006	2007	2008
301 Taxas por servizos administrativos	7.652	9.460	8.176
302 Taxas por servizos profesionais	28.265	26.872	25.271
303 Taxas por venda de bens	120	912	393
311 Prezos públicos	12.539	12.853	13.755
312 Prezos privados	7.217	7.476	6.830
320 Taxas sobre o xogo	80.844	85.749	76.476
380 Reintegros de exercicios pechados	6.844	7.247	7.377
381 Reintegros de orzamento corrente	4.873	5.160	5.253
391 Recargas e multas	1.797	1.903	1.942
392 Sancións impostas polas consellerías	14.077	14.908	15.209
399 Ingresos diversos	5.573	5.900	6.020
TOTAL	169.801	178.441	166.700

Polo que respecta a Taxa sobre o xogo, no texto articulado se manteñen as tarifas aplicables nos casos de explotación de máquinas ou aparatos automáticos aptos para a realización dos xogos, así como a escala aplicable á modalidade do xogo en casinos. Derivado deste efecto e máis da adecuación ás recadacións en anos anteriores, prevese un importe de 70,0 millóns de euros, un 11,9% inferior á previsión inicial do ano 2009.

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

No ano 2010 a previsión de ingresos por transferencias correntes ascende a 5.133,4 millóns de euros, que representan unha diminución do 8,6% sobre os orzamentos do exercicio anterior.

A maior parte destas transferencias teñen a súa orixe no Estado e dentro destes, a maior parte derívanse da participación no sistema de financiamento.

O Consello de Política Fiscal e Financeira adoptou o Acordo 6/2009, para a reforma do sistema de financiamento das CCAA de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía con efectos xa desde o ano 2009. Coa fin de incorporar o novo sistema ao ordenamento xurídico, foi aprobado o Proxecto de Lei orgánica que modifica a Lei 8/1980, de financiación das CCAA, así coma o Proxecto de Lei relativo ao novo sistema de financiamento, estando ámbolos dous en tramitación nas Cortes Xerais.

Este novo sistema establece un réxime transitorio para os anos 2009 e 2010, segundo o cal, neste exercicio, recibiranse as entregas a conta dos recursos do sistema regulado na Lei 21/2001, do 27 de decembro, é dicir, do IRPF, IVE e IIEE, presupostados nos capítulos I e II, así como do Fondo de Suficiencia, tendo en conta as cesións de rendementos establecidas na dita lei. No exercicio 2010, derivado da caída do ITEn, a participación no Fondo de Suficiencia diminúe nun 8,4%.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes							
Distribución económica. Variación 2010-2009							
Conceptos	2009	2010	Variación 2010/2009		Valor Relativo		
			Importe	%	2009	2010	
400 Participación no sistema de financiamento	4.390.831	3.918.257	-472.575	-10,8	78,2	76,3	
401 Da Seguridade Social	1.500	87.708	86.208	5747,2	0,0	1,7	
402 De organismos autónomos do Estado	0	223.767	223.767		0,0	4,4	
404 Subvencións finalistas da admón. xeral	333.377	51.317	-282.060	-84,6	5,9	1,0	
405 Part. CC.LL. nos tributos do Estado	837.853	801.000	-36.853	-4,4	14,9	15,6	
490 Fondo social europeo	53.656	51.174	-2.482	-4,6	1,0	1,0	
493 Interreg III e outras Iniciativas 2007-2013	0	182	182		0,0	0,0	
TOTAL	5.617.218	5.133.405	-483.813	-8,6	100,0	100,0	

A dotación complementaria para o financiamento sanitario, con 41,3 millóns, apenas experimenta variación respecto ao ano anterior. O mesmo ocorre coa compensación pola supresión do Imposto sobre o Patrimonio que a Comunidade debe recibir do Estado, con 70,0 millóns de euros.


Inclúense, ademais, 527,0 millóns como anticipo a conta dos recursos previstos no novo sistema de financiamento aprobado polo Acordo 6/2009, que son a aportación estatal de recursos e fondos adicionais, e que serán recibidos no ano 2010.

O importe da liquidación dos recursos do 2010 segundo o novo sistema determinarase no ano 2012, deducíndose do valor definitivo de cada un deles, todos estes ingresos xa recibidos, xunto cos transferidos polo Instituto Social da Mariña derivados da financiación dos servizos traspasados.

A cantidade presupostada como participación no sistema de financiamento, reducése ademais neste exercicio, pola non inclusión da liquidación que correspondería do exercicio 2008, que ademais, resulta negativa.

Por último, sinalar que os ingresos que corresponden a distintos fondos especificamente sanitarios ou a conceptos acordados na II Conferencia de Presidentes, son incluídos directamente nos orzamentos do Servizo Galego de Saúde.

A participación das Corporacións Locais nos tributos do Estado experimenta unha diminución estimada do 4,4%, respecto da cantidade presupostada no ano anterior, acorde coa redución dos ingresos do Estado. Na xestión desas transferencias a Comunidade Autónoma desempeña un papel de simple intermediación, por canto segundo o indicado no artigo 49.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia estes ingresos son percibidos polas Corporacións Locais a través daquela, que os distribúe conforme aos criterios legalmente establecidos.



As transferencias correntes procedentes do Estado complétanse coas subvencións de carácter finalista. Nestes orzamentos 2010, figuran desglosadas segundo á orixe da transferencia, diferenciando si proceden da administración xeral, dos organismos autónomos ou de empresas e demais entes do Estado, e segundo a liña de actuación de que se trate. Destacan as destinadas a Programas de emprego e á Formación profesional para traballadores, financiadas polo Servizo Público de Emprego. Importante é tamén a inclusión do financiamento das prestacións e servizos incluídos dentro do sistema de atención á dependencia que reciben un gran impulso nestes orzamentos, así como os recursos destinados á educación mediante a gratuidade do segundo ciclo escolar, de 3 a 6 anos.

As transferencias do exterior, que se corresponden maioritariamente con recursos procedentes do Fondo Social Europeo, 51,2 millóns de euros, pechan este capítulo. Conforme aos planteamentos estratéxicos en materia de emprego o financiamento do Fondo Social Europeo aplicarase en catro áreas clave: aumentar a adaptabilidade dos traballadores e das empresas; mellorar o acceso ao emprego e a participación no mercado de traballo; reforzar a inclusión social combatendo a discriminación e facilitando o acceso ao traballo das persoas desfavorecidas; e

promover, por último, a asociación para a reforma nos ámbitos do emprego e da inclusión social.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes			
Distribución económica. Evolución 2006-2008			
Conceptos	(Miles de Euros)		
	2006	2007	2008
400 Participación no sistema de financiamento	3.653.200	4.074.561	4.569.936
401 Da Seguridade Social	2.051	2.158	2.287
404 Subvencións finalistas da admón. xeral	172.561	208.856	289.361
405 Part. CC.LL. nos tributos do Estado	730.054	778.968	830.380
490 Fondo social europeo	56.245	57.349	49.187
491 Iniciativa EQUAL	1.386	0	0
493 Interreg III e outras Iniciativas 2007-2013	262	0	0
499 Outras transferencias da Unión Europea	93	0	0
TOTAL	4.615.851	5.121.891	5.741.151

CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

Considéranse ingresos patrimoniais as rendas producidas como contrapartida pola utilización por parte de terceiros de activos que forman parte do patrimonio da Comunidade Autónoma.

CAPÍTULO V. Ingresos patrimoniais						
Distribución económica. Variación 2010-2009						
Conceptos	2009	2010	Variación 2010/2009		Valor Relativo	
			Importe	%	2009	2010
520 Xuros de contas bancarias	46.304	10.100	-36.204	-78,2	96,4	83,5
534 Dividend. e part. bfcios. empr. públicas e outros	720	824	103	14,3	1,5	6,8
550 De concesións administrativas	669	765	96	14,3	1,4	6,3
551 Aproveitamentos agrícolas e forestais	257	294	37	14,3	0,5	2,4
599 Outros ingresos patrimoniais	103	118	15	14,3	0,2	1,0
TOTAL	48.053	12.100	-35.953	-74,8	100,0	100,0

A maior parte dos ingresos deste capítulo corresponden aos xuros devengados polas contas operativas da Tesourería abertas en entidades financeiras, que experimentan unha diminución de 36,2 millóns de euros respecto ao ano 2009 en correspondencia coas previsións futuras dos tipos de xuros que previsiblemente terán un comportamento lonxe das tendencias alcistas destes últimos anos.

CAPÍTULO V. Ingresos patrimoniais			
Distribución económica. Evolución 2006-2008			
Conceptos	2006	2007	2008
520 Xuros de contas bancarias	9.150	11.350	20.238
534 Dividend. e part. bfcios. empr. públicas e outros	793	0	700
550 De concesións administrativas	0	1.292	650
551 Aproveitamentos agrícolas e forestais	0	30	250
599 Outros ingresos patrimoniais	1.621	0	100
TOTAL	11.564	12.672	21.938

CAPÍTULO VI. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS

Os recursos orzamentados neste capítulo de ingresos, 4 millóns de euros, proceden da venda de soares e predios rústicos así como de edificios e outras construcións propiedade da Comunidade Autónoma, alleados por resultar innecesario ou antieconómico o mantemento dentro do seu patrimonio. A escasa relevancia económica deste capítulo e a propia flutuación das estimacións realizadas, derivase do carácter completamente atípico e excepcional destas actuacións.

CAPÍTULO VI. Alleamento de investimentos reais

Distribución económica. Variación 2010-2009

(Miles de Euros)

Conceptos	2009	2010	Variación 2010/2009		Valor Relativo	
			Importe	%	2009	2010
600 Venda de soares	1.200	1.390	190	15,8	10,3	34,8
601 Venda de predios rústicos	560	649	89	15,8	4,8	16,2
612 Venda edificios e outras construcións	1.693	1.961	268	15,8	14,5	49,0
680 De exercicios pechados	7.900	0	-7.900	-100,0	67,8	0,0
681 De exercicio corrente	300	0	-300	-100,0	2,6	0,0
TOTAL	11.653	4.000	-7.653	-65,7	100,0	100,0

CAPÍTULO VI. Alleamento de investimentos reais

Distribución económica. Evolución 2006-2008

(Miles de Euros)

Conceptos	2006	2007	2008
600 Venda de soares	404	9.147	2.900
601 Venda de predios rústicos	0	300	500
680 De exercicios pechados	0	0	7.900
681 De exercicio corrente	0	0	300
TOTAL	404	9.447	11.600

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL


Aparecen recollidos neste capítulo os ingresos previstos por transferencias destinadas especificamente á realización de gastos de capital. Estes recursos, xunto co aforro orzamentario e o endebedamento neto, financian basicamente o programa de investimentos da Comunidade Autónoma no ano 2010.

CAPÍTULO VII. Transferencias de capital						
Distribución económica. Variación 2010-2009						(Miles de Euros)
Conceptos	2009	2010	Variación		Valor Relativo	
			Importe	%	2009	2010
700 Fondo de compensación interterritorial	197.221	169.607	-27.614	-14,0	25,1	23,3
702 De organismos autónomos do Estado	0	12.920	12.920		0,0	1,8
704 Subvencións finalistas da admón. xeral	165.426	148.502	-16.925	-10,2	21,0	20,4
761 De deputacións	1.123	1.123	0	0,0	0,1	0,2
790 FEDER-P.O.	160.051	144.904	-15.147	-9,5	20,4	19,9
791 Interreg III e outras Iniciativas 2007-2013	15.023	1.364	-13.659	-90,9	1,9	0,2
792 FEOGA/FEADER/FEAGA	179.594	181.780	2.187	1,2	22,8	24,9
794 IFOP/FEP	67.981	68.909	928	1,4	8,6	9,5
TOTAL	786.419	729.108	-57.311	-7,3	100,0	100,0

A previsión de ingresos por transferencias de capital ascende a 729,1 millóns de euros, o que supón unha caída do 7,3% respecto ao ano anterior.

Os Fondos de Compensación Interterritorial canalizan a maior parte das transferencias de capital procedentes da Administración Xeral do Estado, que se completan coas subvencións de carácter finalista.

No ano 2010 os ingresos procedentes dos F.C.I. ascenden a 169,6 millóns de euros, representando unha caída do 14,0% respecto aos previstos no anterior exercicio. Os Fondos de Compensación Interterritorial constitúen un dos mecanismos destinados a facer efectivo o principio constitucional de solidariedade interterritorial. A Lei 22/2001, do 27 de decembro, divide o antigo Fondo de Compensación Interterritorial en dous: o Fondo de Compensación, ao que se destina o 75% do importe total, para o financiamento exclusivo de investimentos, e o Fondo Complementario, que absorbe o 25% restante e que pode financiar tamén gasto corrente asociado á posta en funcionamento deses investimentos.



(Millóns de Euros)

As subvencións finalistas procedentes dos orzamentos do Estado financian pola súa parte actuacións relativas a materias sobre as que a Comunidade Autónoma ten asumidas competencias. Os ingresos previstos inicialmente por este concepto vense completados ao longo do exercicio por novas aportacións derivadas da firma de convenios e de repartos acordados en conferencias sectoriais, que habitualmente terminan incrementando a cifra inicialmente estimada. Esta última sitúase no ano 2010 en 161,4 millóns de euros, figurando desglosadas segundo á orixe da transferencia, diferenciando si proceden da administración xeral, dos organismos autónomos ou de empresas e demais entes do Estado e segundo a liña de actuación de que se trate

No cuarto ano da programación, correspondente ao período 2007-2013, as transferencias inicialmente orzamentadas como procedentes de Fondos Europeos deste programa operativo caen un 6,1% sobre o exercicio anterior.

As políticas da Unión Europea destinadas a promover o desenvolvemento e a reforzar a cohesión económica e social reducindo as diferenzas de nivel entre as

distintas rexións se materializan fundamentalmente, polo que se refire aos instrumentos nos que Galicia participa, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e do Fondo Social Europeo (FSE), como fondos estruturais, e dos novos Fondo Europeo Agrícola para o Desenvolvemento Rural (FEADER), o Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e o Fondo Europeo de Pesca (FEP), estes últimos de especificidade territorial. Con independencia do anterior créase unha Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza (AECT) como instrumento destinado a facilitar a aplicación de programas de cooperación territorial.

O FEDER está concibido ao servizo das políticas de cohesión da UE, orientando o seu papel cara o fomento dos investimentos que axuden a reducir os desequilibrios rexionais, finalidade á que esta dirixido o apoio aos programas que aborden o desenvolvemento, a mellora da competitividade e a cooperación territorial no ámbito da Unión Europea, figurando entre as súas prioridades de financiamento, ademais dos investimentos en infraestruturas, as aportacións que se destinan á innovación e á investigación, e á protección do medio ambiente. Nos orzamentos do ano 2010 o financiamento procedente do FEDER experimenta unha caída do 9,5%.

CAPÍTULO VII. Transferencias de capital			
Distribución económica. Evolución 2006-2008			
	(Miles de Euros)		
Conceptos	2006	2007	2008
700 Fondo de compensación interterritorial	183.536	195.857	203.299
703 De empresas e entes públicos do Estado	1.860	0	0
704 Subvencións finalistas da admón. xeral	106.152	112.986	129.662
760 De concellos	6.520	0	0
761 De deputacións	423	673	423
790 FEDER-P.O.	183.261	181.356	166.119
791 Interreg III e outras Iniciativas 2007-2013	3.131	8.642	261
792 FEOGA/FEADER/FEAGA	230.615	193.214	173.623
794 IFOP/FEP	105.662	96.518	82.852
795 EQUAL	349	1.197	0
799 Outras transferencias da U. E.	0	0	38
TOTAL	821.509	790.442	756.277

As diversas medidas da política agrícola común a favor do desenvolvemento rural canalízanse a través dos novos fondos creados polo Regulamento (CE) nº 1290/2005, do 21 de xuño: o Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA), que financia preferentemente as medidas de mercado, e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), que financia os programas de desenvolvemento Rural. No primeiro deles, que substitúe á sección Garantía, do FEOGA, a previsión de ingresos para 2010 aumenta nun 7,4% respecto ao ano anterior, mentres que o FEADER, que reempraza á sección Orientación, diminúe nun 1,2%. Computada globalmente, a previsión de ingresos do FEADER e do FEAGA, no ano 2010, ascende lixeiramente respecto dos fondos de desenvolvemento agrícola e rural do ano 2009.

A través do Fondo Europeo de Pesca (FEP), establecido polo Regulamento (CE) nº 1198/2006, do 27 de xullo, canalízanse as axudas da Unión Europea destinadas a favorecer a consolidación dunha industria pesqueira competitiva e de asegurar o desenvolvemento sostible do sector dentro do respecto aos factores medioambientais. Os ingresos por este concepto representan 68,9 millóns de euros, un 1,4% máis que os orzamentados no ano 2009.

Por último, dentro das transferencias procedentes da Unión Europea, presupóstanse 1,4 millóns de euros procedentes de dous Programas de Cooperación Transnacional 2007-2013: o Espazo Atlántico e o Interreg IV B Sudoe. Entre as súas prioridades figuran a innovación e constitución de redes de cooperación tecnolóxica, a mellora da sostenibilidade do medio ambiente e o entorno natural e o impulso do desenvolvemento urbano sostible.

CAPÍTULO VIII. ACTIVOS FINANCEIROS

A previsión inicial de ingresos procedentes do reintegro de préstamos concedidos alcanza neste exercicio un importe residual de 0,1 millóns de euros.

CAPÍTULO VIII. Activos financeiros						
Distribución económica. Variación 2010-2009						(Miles de Euros)
Conceptos	2009	2010	Variación		Valor Relativo	
			Importe	%	2009	2010
830 Reint. prestam. conced. fóra sec. púb. C/P	0	115	115		0,0	100,0
850 Alleamento de accións do sector público	290	0	-290	-100,0	100,0	0,0
TOTAL	290	115	-175	-60,3	100,0	100,0

CAPÍTULO VIII. Activos financeiros			
Distribución económica. Evolución 2006-2008			(Miles de Euros)
Conceptos	2006	2007	2008
850 Alleamento de accións do sector público	10	10	10
TOTAL	10	10	10

CAPÍTULO IX. PASIVOS FINANCIEROS

Os orzamentos do ano 2010 incorporan a existencia de un endebedamento neto compatible coas esixencias establecidas polas normas de estabilidade orzamentaria e Acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira. Por tanto, recóllese no importe orzamentado como ingreso o endebedamento bruto, ao que hai que descontarlle o previsto no capítulo IX de gastos destinados a amortizacións.

Figuran ademais 3,5 millóns de euros como depósitos a recibir polas provisións de falidos feitas polos entes públicos encargados da realización de operacións de garantía.

CAPÍTULO IX. Pasivos financeiros

Distribución económica. Variación 2010-2009

(Miles de Euros)

Conceptos	2009	2010	Variación 2010/2009		Valor Relativo	
			Importe	%	2009	2010
940 Depositos recibidos	0	3.500	3.500		0,0	0,2
950 Préstamos recibidos e emisión de débeda	844.061	2.037.794	1.193.733	141,4	100,0	99,8
TOTAL	844.061	2.041.294	1.197.233	141,8	100,0	100,0

CAPÍTULO IX. Pasivos financeiros

Distribución económica. Evolución 2006-2008

(Miles de Euros)

Conceptos	2006	2007	2008
950 Préstamos recibidos e emisión de débeda	514.068	551.044	473.564
TOTAL	514.068	551.044	473.564

2. GASTOS

O orzamento de gastos da Administración Xeral para este ano 2010 outorga unha especial prioridade as grandes políticas de gasto social: sanidade, educación, políticas activas de emprego, e por último a acción e promoción social con especial atención ás persoas dependentes. Xunto a elas, de forma equilibrada, mantense a prioridade que debe outorgarse ao gasto destinado ao reforzamento dos factores que en maior medida poden mellorar a competitividade do sistema produtivo e a continuidade do desenvolvemento económico, condición necesaria por outra parte para o mantemento do gasto social, como son a mobilidade e as infraestruturas, a economía do coñecemento e a dinamización económica.

O importe total dos créditos autorizados ascende a 11.371,0 millóns de euros, é dicir, 46,4 millóns de euros menos que os autorizados no exercicio anterior, e un 2,8% menos se a estimación se realiza exclusivamente sobre o gasto non financeiro.

O gasto corrente experimenta unha diminución do 2,0%. Este tipo de gasto, ademais de incluír o pago das retribucións do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma, está constituído nunha gran proporción polo gasto derivado do desenvolvemento das políticas básicas de equidade e cohesión. Inclúese dentro deste, o representado pola educación, incluíndo a maior parte do financiamento das universidades, e pola prestación de servizos sanitarios, neste último caso a través das transferencias efectuadas ao SERGAS dende a Consellería de Sanidade, ao que hai que engadir, o gasto para a prestación dos servizos sociais, entre os que destacan os que son propios da atención á dependencia, que no ano 2010 experimentan un crecemento significativo que afecta a distintos capítulos de gasto, e, nun plano diferente, as transferencias ás Corporacións Locais, derivadas da súa participación nos tributos do Estado, da firma de convenios e da concesión de subvencións e por último, o Fondo de Cooperación Local, como instrumento de participación daquelas nos tributos da Comunidade Autónoma.

Os créditos para investimentos canalizados a través dos capítulos VI e VII no marco das políticas sectoriais asociadas ao crecemento dos sectores produtivos, representan un total de 2.298,6 millóns de euros no ano 2010, representativos do 21,4% do gasto non financeiro da Administración Xeral.

Na súa condición de xestoras dos grandes servizos básicos, a consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a consellería de Sanidade, ás que se destinan nestes orzamentos créditos por importe de 2.383,7 e 3.518,5 millóns de euros, respectivamente, absorben unha parte considerable, un 51,9%, dos créditos da Administración Xeral, aínda que hai que apuntar que a Consellería de Sanidade transfire ao Servizo Galego de Saúde a maior parte das súas dotacións, xa que é este último o encargado de xestionar directamente os servizos sanitarios da Comunidade Autónoma. Dentro dos créditos destinados á Consellería de educación, destacan partidas destinadas ao financiamento das Universidades Galegas, cunha redución do 4,9%, nun escenario no que os ingresos non financeiros da Comunidade Autónoma diminúen nun 11,9%. Non obstante, é preciso sinalar que as mencionadas partidas non esgotan os créditos orzamentarios destinados ás universidades. Realízase un esforzo moi importante cun incremento dos recursos orzamentarios sobre o plan de financiamento vixente, que supón atenuar os efectos da baixada dos ingresos non financeiros e adicionar novos recursos por importe de 28,3 millóns.

A Consellería de Traballo e Benestar experimenta no ano 2010 un incremento do 4,2%. Como xestora de políticas activas de emprego, como son os programas de promoción, de formación profesional aos desempregados e de mellora da cualificación no emprego, destina créditos por importe de 385,7 millóns de euros. Ademais, e como prioridade fundamental nestes orzamentos e cunha dotación inicial de 248,1 millóns de euros, actúa como xestora da cada vez mais importante atención ás persoas en situación de dependencia, para promover a súa autonomía persoal e ofrecerlles o apoio necesario para súa integración social e familiar baixo criterios de normalización, ademais da atención a outros programas de acción e promoción social, destinados a familias, á infancia e á xuventude.


Por último, cabe engadir, que a efectos de facilitar unha visión máis axustada da evolución entre os créditos deste orzamento 2010 cos do ano 2009, e debido fundamentalmente á reestruturación producida na estrutura orgánica da

Xunta de Galicia, aprobada polo Decreto 83/2009, do 21 de abril, e a determinados cambios realizados neste exercicio en distintos capítulos para axustar os créditos segundo a finalidade á que se encontran destinados, preséntase o orzamento do ano 2009 de forma homoxeneizada a efectos de facer posible dita comparativa.


Orzamento de Gastos da Administración Xeral

Distribución económica

Capítulos	2009	2010	% Var. 2010/2009		Valor Relativo	
			Importe	%	2009	2010
I Gastos de persoal	2.091.819	2.113.847	22.028	1,1	18,3	18,6
II Gastos en bens correntes e servizos	495.770	504.808	9.039	1,8	4,3	4,4
III Gastos financeiros	147.570	157.199	9.629	6,5	1,3	1,4
IV Transferencias correntes	5.858.328	5.648.661	-209.667	-3,6	51,3	49,7
OPERACIÓNS CORRENTES	8.593.487	8.424.515	-168.972	-2,0	75,3	74,1
V Fondo de continxencia	19.444	20.949	1.505	7,7	0,2	0,2
VI Investimentos reais	1.158.889	1.009.638	-149.251	-12,9	10,2	8,9
VII Transferencias de capital	1.286.303	1.288.929	2.627	0,2	11,3	11,3
OPERACIÓN DE CAPITAL	2.445.192	2.298.568	-146.624	-6,0	21,4	20,2
TOTAL OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	11.058.123	10.744.032	-314.091	-2,8	96,9	94,5
VIII Activos financeiros	113.332	110.989	-2.343	-2,1	1,0	1,0
IX Pasivos financeiros	245.931	515.981	270.050	109,8	2,2	4,5
TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS	359.263	626.970	267.707	74,5	3,1	5,5
Total	11.417.385	11.371.002	-46.384	-0,4	100,0	100,0



Orzamento de Gastos da Administración Xeral						
Distribución Orgánica						
(Miles de Euros)						
Seccións	2009	2010	% Var. 2010/2009		Valor Relativo	
			Importe	%	2009	2010
01 Parlamento	21.519	20.680	-839	-3,9	0,2	0,2
02 Consello de Contas	7.984	7.635	-350	-4,4	0,1	0,1
03 Consello da Cultura Galega	3.149	2.951	-198	-6,3	0,0	0,0
04 Presidencia da Xunta	272.030	254.404	-17.626	-6,5	2,4	2,2
05 Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	209.540	204.043	-5.497	-2,6	1,8	1,8
06 Facenda	68.518	65.229	-3.289	-4,8	0,6	0,6
07 Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas	878.338	810.044	-68.294	-7,8	7,7	7,1
08 Economía e Industria	392.414	365.186	-27.228	-6,9	3,4	3,2
09 Educación e Ordenación Universitaria	2.410.427	2.383.729	-26.697	-1,1	21,1	21,0
10 Sanidade	3.546.294	3.518.499	-27.795	-0,8	31,1	30,9
11 Cultura e Turismo	216.098	195.800	-20.297	-9,4	1,9	1,7
12 Traballo e Benestar	948.677	988.369	39.692	4,2	8,3	8,7
13 Medio Rural	687.125	661.438	-25.687	-3,7	6,0	5,8
14 Mar	237.008	213.529	-23.478	-9,9	2,1	1,9
20 Consello Consultivo de Galicia	2.348	2.273	-75	-3,2	0,0	0,0
21 Transferencias a CC.LL.	965.584	921.578	-44.006	-4,6	8,5	8,1
22 Débeda Pública	393.044	672.577	279.533	71,1	3,4	5,9
23 Gastos Diversas Consellerías	157.289	83.035	-74.254	-47,2	1,4	0,7
Total	11.417.385	11.371.002	-46.384	-0,4	100,0	100,0



Orzamento de Gastos da Administración Xeral							
Distribución Funcional							
(Miles de Euros)							
Grupo de función			% Var.2010/2009		Valor Relativo		
	Funcións	2009	2010	Importe	%	2009	2010
1 Actuacións de carácter xeral		259.534	240.941	-18.592	-7,2	2,3	2,1
11 Alta dirección da comunidade autónoma		44.739	41.534	-3.205	-7,2	0,4	0,4
12 Administración xeral		64.359	71.868	7.509	11,7	0,6	0,6
13 Xustiza		103.342	99.465	-3.877	-3,8	0,9	0,9
14 Administración local		12.474	10.559	-1.915	-15,3	0,1	0,1
15 Normalización lingüística		21.770	17.515	-4.255	-19,5	0,2	0,2
16 Procesos electorais e órganos de representación		12.850	0	-12.850	-100,0	0,1	0,0
2 Protección civil e seguranza cidadá		26.615	24.129	-2.486	-9,3	0,2	0,2
21 Protección civil e seguranza		26.615	24.129	-2.486	-9,3	0,2	0,2
3 Protección e promoción social		1.000.418	1.033.239	32.821	3,3	8,8	9,1
31 Acción social e promoción social		568.469	636.713	68.244	12,0	5,0	5,6
32 Promoción do emprego e institucións do mercado		420.285	386.779	-33.506	-8,0	3,7	3,4
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento		11.664	9.746	-1.917	-16,4	0,1	0,1
4 Producción de bens públicos de carácter social		6.385.527	6.290.343	-95.184	-1,5	55,9	55,3
41 Sanidade		3.546.169	3.518.369	-27.801	-0,8	31,1	30,9
42 Educación		2.386.160	2.379.152	-7.009	-0,3	20,9	20,9
43 Cultura		159.744	119.943	-39.802	-24,9	1,4	1,1
44 Deportes		41.256	34.863	-6.392	-15,5	0,4	0,3
45 Vivenda		109.914	109.848	-66	-0,1	1,0	1,0
46 Outros servizos comunitarios e sociais		142.282	128.168	-14.114	-9,9	1,2	1,1
5 Producción de bens públicos de carácter		1.281.809	1.156.574	-125.235	-9,8	11,2	10,2
51 Infraestruturas		595.773	518.158	-77.614	-13,0	5,2	4,6
52 Ordenación do territorio		51.076	50.328	-748	-1,5	0,4	0,4
53 Promoción de solo para actividades económicas		5.280	4.743	-538	-10,2	0,0	0,0
54 Actuacións ambientais		254.594	205.770	-48.824	-19,2	2,2	1,8
55 Actuacións e valorización do medio rural		181.148	187.634	6.486	3,6	1,6	1,7
56 Investigación, desenvolvemento e innovación		142.857	134.135	-8.722	-6,1	1,3	1,2
57 Sociedade da información e do coñecemento		45.109	50.557	5.447	12,1	0,4	0,4
58 Información estatística básica		5.971	5.249	-721	-12,1	0,1	0,0
6 Regulación económica de carácter xeral		137.840	133.864	-3.976	-2,9	1,2	1,2
61 Actuacións económicas xerais		40.354	38.811	-1.542	-3,8	0,4	0,3
62 Actividades financeiras		97.486	95.052	-2.434	-2,5	0,9	0,8
7 Regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial		960.716	891.457	-69.258	-7,2	8,4	7,8
71 Dinamización económica do medio rural		408.411	394.967	-13.444	-3,3	3,6	3,5
72 Pesca		173.568	153.625	-19.943	-11,5	1,5	1,4
73 Industria, enerxía e minaría		60.160	54.366	-5.794	-9,6	0,5	0,5
74 Desenvolvemento empresarial		204.868	177.820	-27.048	-13,2	1,8	1,6
75 Comercio		35.225	31.644	-3.581	-10,2	0,3	0,3
76 Turismo		78.484	79.036	552	0,7	0,7	0,7
8 Transferencias a entidades locais		971.884	927.878	-44.006	-4,5	8,5	8,2
81 Transferencias a entidades locais		971.884	927.878	-44.006	-4,5	8,5	8,2
9 Débeda pública		393.044	672.577	279.533	71,1	3,4	5,9
91 Débeda pública		393.044	672.577	279.533	71,1	3,4	5,9
Total		11.417.385	11.371.002	-46.384	-0,4	100,0	100,0

Orzamento de Gastos da Administración Xeral										
Distribución Orgánica e Económica										
										(Miles de Euros)
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	Total
01 Parlamento	10.398	6.678	0	2.640	0	825	24	115	0	20.680
02 Consello de Contas	5.534	1.450	0	3	13	599	0	36	0	7.635
03 Consello da Cultura Galega	1.302	1.199	0	112	0	339	0	0	0	2.951
04 Presidencia da Xunta	18.059	9.742	0	35.900	55	42.038	43.142	105.468	0	254.404
05 Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	104.923	33.765	6	36.458	28	12.427	16.235	200	0	204.043
06 Facenda	32.477	4.142	4	12.711	20	5.155	10.472	250	0	65.229
07 Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas	36.428	3.984	300	59.221	17	433.115	276.980	0	0	810.044
08 Economía e Industria	15.137	1.361	0	56.132	44	16.056	275.337	1.120	0	365.186
09 Educación e Ordenación Universitaria	1.430.163	218.275	3	582.708	11	91.960	60.609	0	0	2.383.729
10 Sanidade	50.501	1.813	0	3.324.299	6	37.509	104.372	0	0	3.518.499
11 Cultura e Turismo	28.673	5.000	0	29.505	14	39.449	93.158	0	0	195.800
12 Traballo e Benestar	182.876	183.906	6	575.821	17	33.329	12.114	300	0	988.369
13 Medio Rural	154.163	11.370	0	20.670	13	206.381	268.841	0	0	661.438
14 Mar	31.591	3.238	285	2.912	12	66.155	109.337	0	0	213.529
20 Consello Consultivo de Galicia	1.659	404	0	0	15	196	0	0	0	2.273
21 Transferencias a CC.LL.	0	0	0	903.269	0	0	18.309	0	0	921.578
22 Débeda Pública	0	0	156.596	0	0	0	0	0	515.981	672.577
23 Gastos Diversas Consellerías	9.964	18.483	0	6.300	20.685	24.104	0	3.500	0	83.035
Total	2.113.847	504.808	157.199	5.648.661	20.949	1.009.638	1.288.929	110.989	515.981	11.371.002

2.1. ANÁLISE POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL

Os créditos destinados ao pago das retribucións e das cotas sociais dos empregados públicos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma no ano 2010 ascenden a 2.113,9 millóns de euros, o que supón un incremento do 1,1% respecto ao ano anterior. A comparación deste crecemento co correspondente ao de anos anteriores, nos que era claramente superior, amosa o esforzo realizado neste exercicio orzamentario cara a contención do gasto corrente, no que a partida de persoal representa cerca da cuarta parte.

Nesa variación está incluído o incremento do 0,3% das retribucións previsto con carácter xeral no texto articulado, seguindo a normativa básica en materia de persoal.

Como novidade nestes orzamentos, inclúese dentro destes gastos, a totalidade do complemento específico, que se percibirá en catorce pagas ao ano, doce ordinarias e dúas adicionais nos meses de xuño e decembro.

CAPÍTULO I. Gastos de persoal							
Distribución Orgánica							
Seccións	2009	2010	% Var.2010/2009		Valor Relativo		
			Importe	%	2009	2010	
01 Parlamento	9.892	10.398	506	5,1	0,5	0,5	
02 Consello de Contas	5.547	5.534	-13	-0,2	0,3	0,3	
03 Consello da Cultura Galega	1.293	1.302	9	0,7	0,1	0,1	
04 Presidencia da Xunta	18.038	18.059	20	0,1	0,9	0,9	
05 Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	99.362	104.923	5.561	5,6	4,8	5,0	
06 Facenda	31.993	32.477	484	1,5	1,5	1,5	
07 Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas	37.446	36.428	-1.017	-2,7	1,8	1,7	
08 Economía e Industria	15.686	15.137	-549	-3,5	0,7	0,7	
09 Educación e Ordenación Universitaria	1.415.299	1.430.163	14.864	1,1	67,7	67,7	
10 Sanidade	49.994	50.501	507	1,0	2,4	2,4	
11 Cultura e Turismo	28.140	28.673	534	1,9	1,3	1,4	
12 Traballo e Benestar	180.911	182.876	1.965	1,1	8,6	8,7	
13 Medio Rural	148.953	154.163	5.210	3,5	7,1	7,3	
14 Mar	29.997	31.591	1.594	5,3	1,4	1,5	
20 Consello Consultivo de Galicia	1.663	1.659	-4	-0,3	0,1	0,1	
23 Gastos Diversas Consellerías	17.605	9.964	-7.641	-43,4	0,8	0,5	
Total	2.091.819	2.113.847	22.028	1,1	100,0	100,0	

En correspondencia coa natureza, extensión e importancia dos servizos que presta, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria absorbe o 67,7% do gasto total deste capítulo, onde a Consellería de Traballo e Benestar, como xestora de servizos de promoción do emprego e moi especialmente, dos servizos sociais con dedicación especial nestes orzamentos a atención das persoas dependentes, convértese, despois da Consellería competente en materia de Educación, na segunda das áreas orgánicas en función da importancia dos créditos con que se dota.

CAPÍTULO I. Gastos de persoal		
Distribución Económica		
(Miles de Euros)		
2010		
Artigos	Importe	Valor relativo
10 Altos cargos e delegados	8.592	0,4
11 Persoal eventual de gabinete	6.905	0,3
12 Funcionarios	1.618.187	76,6
13 Laborais	283.303	13,4
14 Outro persoal	215	0,0
15 Incentivos ao rendemento	4.333	0,2
16 Cotas, prest. e gastos soc. cargo empregador	192.311	9,1
Total	2.113.847	100,0

CAPÍTULO I. Gastos de persoal						
Distribución Funcional						
Funcións			% Var. 2010/2009		Valor Relativo	
	2009	2010	Importe	%	2009	2010
11 Alta dirección da comunidade autónoma	22.782	22.880	98	0,4	1,1	1,1
12 Administración xeral	32.187	40.666	8.479	26,3	1,5	1,9
13 Xustiza	73.532	72.991	-540	-0,7	3,5	3,5
14 Administración local	838	810	-28	-3,4	0,0	0,0
15 Normalización lingüística	2.051	1.943	-109	-5,3	0,1	0,1
21 Protección civil e seguranza	4.698	4.623	-75	-1,6	0,2	0,2
31 Acción social e promoción social	138.596	142.213	3.617	2,6	6,6	6,7
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	46.545	44.789	-1.757	-3,8	2,2	2,1
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	550	452	-98	-17,8	0,0	0,0
41 Sanidade	49.994	50.501	507	1,0	2,4	2,4
42 Educación	1.407.072	1.439.951	32.879	2,3	67,3	68,1
43 Cultura	41.740	24.411	-17.329	-41,5	2,0	1,2
44 Deportes	3.545	3.661	115	3,3	0,2	0,2
45 Vivenda	33	0	-33	-100,0	0,0	0,0
46 Outros servizos comunitarios e sociais	2.337	2.316	-21	-0,9	0,1	0,1
51 Infraestruturas	24.146	24.504	358	1,5	1,2	1,2
52 Ordenación do territorio	5.199	4.748	-450	-8,7	0,2	0,2
54 Actuacións ambientais	26.250	23.324	-2.927	-11,1	1,3	1,1
55 Actuacións e valorización do medio rural	44.287	45.621	1.334	3,0	2,1	2,2
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	10.609	10.515	-94	-0,9	0,5	0,5
57 Sociedade da información e do coñecemento	1.573	0	-1.573	-100,0	0,1	0,0
61 Actuacións económicas xerais	7.552	7.297	-255	-3,4	0,4	0,3
62 Actividades financeiras	31.568	24.493	-7.075	-22,4	1,5	1,2
71 Dinamización económica do medio rural	75.977	81.958	5.981	7,9	3,6	3,9
72 Pesca	20.174	21.640	1.466	7,3	1,0	1,0
73 Industria, enerxía e minaría	12.156	12.209	52	0,4	0,6	0,6
74 Desenvolvemento empresarial	667	0	-667	-100,0	0,0	0,0
75 Comercio	956	1.069	113	11,9	0,0	0,1
76 Turismo	4.204	4.263	59	1,4	0,2	0,2
Total	2.091.819	2.113.847	22.028	1,1	100,0	100,0

CAPÍTULO II. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

Os créditos deste capítulo están destinados a soportar o gasto necesario para o funcionamento dos servizos encomendados á Administración Xeral da Comunidade Autónoma. Entre eles figuran tanto os de tipo estritamente administrativo como os propios da prestación dos servizos educativos, que representan o 43,6% do gasto deste capítulo, destacando os relativos a comedores e a transporte escolar, con incrementos de 4,5 e 2,2 millóns de euros, respectivamente, e os adscritos a actuacións de carácter social, tanto con medios propios como concertados, que se incrementan neste exercicio un 19,8%, destacando os de funcionamento dos centros de servizos sociais con 33,7 millóns adicionais. A consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e a de Traballo e Benestar, encargadas da xestión dese tipo de servizos absorben en consecuencia a maior parte do gasto canalizado a través do capítulo II, un 79,6%, resultando

destacables os incrementos que sobre o ano anterior experimenta Traballo e Benestar, a causa da paulatina aplicación da Lei de Dependencia, que ocasiona aumentos en todos os capítulos desta sección. Os programas de promoción do emprego e das institucións do mercado de traballo, absorben neste capítulo un 3,3%.

Por último, destacan os gastos en bens correntes e servizos adicados á dinamización económica do medio rural, que se incrementa en 6,4 millóns de euros respecto ao anterior exercicio, e os destinados á sociedade da información e do coñecemento, cunha dotación inicial de 0,2 millóns de euros.

CAPÍTULO II. Gastos en bens correntes e servizos						
Distribución Orgánica						
Seccións	2009	2010	% Var. 2010/2009		Valor Relativo	
			Importe	%	2009	2010
01 Parlamento	7.202	6.678	-523	-7,3	1,5	1,3
02 Consello de Contas	1.537	1.450	-88	-5,7	0,3	0,3
03 Consello da Cultura Galega	1.334	1.199	-134	-10,1	0,3	0,2
04 Presidencia da Xunta	10.856	9.742	-1.114	-10,3	2,2	1,9
05 Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	36.969	33.765	-3.204	-8,7	7,5	6,7
06 Facenda	4.806	4.142	-664	-13,8	1,0	0,8
07 Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas	4.687	3.984	-703	-15,0	0,9	0,8
08 Economía e Industria	1.601	1.361	-240	-15,0	0,3	0,3
09 Educación e Ordenación Universitaria	213.327	218.275	4.948	2,3	43,0	43,2
10 Sanidade	2.133	1.813	-320	-15,0	0,4	0,4
11 Cultura e Turismo	5.694	5.000	-694	-12,2	1,1	1,0
12 Traballo e Benestar	158.379	183.906	25.527	16,1	31,9	36,4
13 Medio Rural	13.558	11.370	-2.188	-16,1	2,7	2,3
14 Mar	3.739	3.238	-500	-13,4	0,8	0,6
20 Consello Consultivo de Galicia	418	404	-15	-3,6	0,1	0,1
23 Gastos Diversas Consellerías	29.531	18.483	-11.048	-37,4	6,0	3,7
Total	495.770	504.808	9.039	1,8	100,0	100,0

CAPÍTULO II. Gastos en bens correntes e servizos		
Distribución Económica		
(Miles de Euros)		
2010		
Artigos	Importe	Valor relativo
20 Alugamentos e canons	9.217	1,8
21 Reparacións, mantemento e conservación	13.931	2,8
22 Material, subministracións e outros	470.208	93,1
23 Indemnizacións por razóns do servizo	10.907	2,2
27 Publicacións	547	0,1
Total	504.808	100,0

CAPÍTULO II. Gastos en bens correntes e servizos						
Distribución Funcional						
(Miles de Euros)						
Funcións	2009	2010	% Var.2010/2009		Valor Relativo	
			Importe	%	2009	2010
11 Alta dirección da comunidade autónoma	14.176	12.489	-1.686	-11,9	2,9	2,5
12 Administración xeral	19.787	19.364	-423	-2,1	4,0	3,8
13 Xustiza	13.314	11.567	-1.747	-13,1	2,7	2,3
14 Administración local	269	371	102	38,1	0,1	0,1
15 Normalización lingüística	253	155	-98	-38,7	0,1	0,0
16 Procesos electorais e órganos de representación política	8.432	0	-8.432	-100,0	1,7	0,0
21 Protección civil e seguranza	1.464	960	-505	-34,5	0,3	0,2
31 Acción social e promoción social	143.359	171.684	28.325	19,8	28,9	34,0
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	19.344	16.577	-2.767	-14,3	3,9	3,3
41 Sanidade	2.133	1.813	-320	-15,0	0,4	0,4
42 Educación	215.404	220.113	4.708	2,2	43,4	43,6
43 Cultura	5.694	5.000	-694	-12,2	1,1	1,0
44 Deportes	3.253	2.765	-488	-15,0	0,7	0,5
46 Outros servizos comunitarios e sociais	1.729	1.383	-346	-20,0	0,3	0,3
51 Infraestruturas	2.470	2.250	-221	-8,9	0,5	0,4
52 Ordenación do territorio	229	195	-34	-15,0	0,0	0,0
54 Actuacións ambientais	6.368	1.591	-4.777	-75,0	1,3	0,3
55 Actuacións e valorización do medio rural	4.120	0	-4.120	-100,0	0,8	0,0
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	297	259	-37	-12,6	0,1	0,1
57 Sociedade da información e do coñecemento	0	184	184	0,0	0,0	0,0
58 Información estatística básica	32	24	-8	-25,0	0,0	0,0
61 Actuacións económicas xerais	1.966	1.210	-755	-38,4	0,4	0,2
62 Actividades financeiras	23.907	21.190	-2.717	-11,4	4,8	4,2
71 Dinamización económica do medio rural	4.218	10.586	6.368	151,0	0,9	2,1
72 Pesca	1.951	1.718	-232	-11,9	0,4	0,3
73 Industria, enerxía e minaría	1.601	1.361	-240	-15,0	0,3	0,3
Total	495.770	504.808	9.039	1,8	100,0	100,0

CAPÍTULO III. GASTOS FINANCIEROS

Neste exercicio 2010, os gastos financeiros elévanse a 157,2 millóns de euros, o que supón un incremento do 6,5% respecto ao ano anterior, debido principalmente ao maior endebedamento da Comunidade Autónoma como consecuencia do cambio de tendencia na captación de recursos tributarios que xurdiu nos exercicios precedentes, aínda que este recurso á débeda realizouse cumprindo o nivel máximo do déficit establecido polo Consello de Política Fiscal e Financeira.

CAPÍTULO III. Gastos financeiros							
Distribución Orgánica							
(Miles de Euros)							
Seccións	2009	2010	% Var.2010/2009		Valor Relativo		
			Importe	%	2009	2010	
05 Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	13	6	-6	-51,0	0,0	0,0	
06 Facenda	4	4	0	0,0	0,0	0,0	
07 Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas	300	300	0	0,0	0,2	0,2	
09 Educación e Ordenación Universitaria	3	3	0	0,0	0,0	0,0	
12 Traballo e Benestar	6	6	0	-0,7	0,0	0,0	
14 Mar	133	285	152	114,9	0,1	0,2	
22 Débeda Pública	147.113	156.596	9.483	6,4	99,7	99,6	
Total	147.570	157.199	9.629	6,5	100,0	100,0	

CAPÍTULO III. Gastos financeiros			
Distribución Económica			
(Miles de Euros)			
2010			
Artigos	Importe	Valor relativo	
30 Débeda pública e préstamos	154.066	98,0	
31 Gastos de emis, form, mod, e cancel. déb. públ. e prést.	2.530	1,6	
35 Xuros de demora e outros gastos financeiros	603	0,4	
Total	157.199	100,0	

CAPÍTULO III. Gastos financeiros							
Distribución Funcional							
(Miles de Euros)							
Funcións	2009	2010	% Var.2010/2009		Valor Relativo		
			Importe	%	2009	2010	
11 Alta dirección da comunidade autónoma	6	5	-1	-15,0	0,0	0,0	
12 Administración xeral	7	1	-6	-84,7	0,0	0,0	
31 Acción social e promoción social	6	6	0	-0,7	0,0	0,0	
42 Educación	3	3	0	0,0	0,0	0,0	
51 Infraestruturas	300	300	0	0,0	0,2	0,2	
54 Actuacións ambientais	133	0	-133	-100,0	0,1	0,0	
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	0	285	285	0,0	0,0	0,2	
62 Actividades financeiras	4	4	0	0,0	0,0	0,0	
91 Débeda pública	147.113	156.596	9.483	6,4	99,7	99,6	
Total	147.570	157.199	9.629	6,5	100,0	100,0	

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

No ano 2010 os gastos derivados de transferencias correntes nos orzamentos da Administración Xeral 5.648,7 millóns de euros, que se reducen nun 3,6% respecto ao ano anterior.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes							
Distribución Orgánica							
Seccións	2009	2010	% Var.2010/2009		Valor Relativo		
			Importe	%	2009	2010	
01 Parlamento	2.754	2.640	-115	-4,2	0,0	0,0	
02 Consello de Contas	3	3	0	0,0	0,0	0,0	
03 Consello da Cultura Galega	140	112	-28	-20,0	0,0	0,0	
04 Presidencia da Xunta	39.385	35.900	-3.485	-8,8	0,7	0,6	
05 Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	34.953	36.458	1.505	4,3	0,6	0,6	
06 Facenda	13.548	12.711	-837	-6,2	0,2	0,2	
07 Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas	69.211	59.221	-9.991	-14,4	1,2	1,0	
08 Economía e Industria	58.303	56.132	-2.172	-3,7	1,0	1,0	
09 Educación e Ordenación Universitaria	615.068	582.708	-32.360	-5,3	10,5	10,3	
10 Sanidade	3.427.021	3.324.299	-102.722	-3,0	58,5	58,9	
11 Cultura e Turismo	36.728	29.505	-7.222	-19,7	0,6	0,5	
12 Traballo e Benestar	548.090	575.821	27.731	5,1	9,4	10,2	
13 Medio Rural	22.504	20.670	-1.834	-8,1	0,4	0,4	
14 Mar	4.079	2.912	-1.167	-28,6	0,1	0,1	
21 Transferencias a CC.LL.	965.584	903.269	-62.315	-6,5	16,5	16,0	
23 Gastos Diversas Consellerías	20.956	6.300	-14.656	-69,9	0,4	0,1	
Total	5.858.328	5.648.661	-209.667	-3,6	100,0	100,0	

A través do capítulo IV, o máis importante en canto a dotación económica, a Administración Xeral transfere a outros axentes recursos destinados a atención de gastos de natureza corrente. Esa adscrición finalista do gasto ten sen embargo tres importantes excepcións. As transferencias a Corporacións Locais en concepto de participación nos tributos do Estado poden financiar indistintamente gasto corrente ou de capital. A mesma situación se produce en relación coas efectuadas desde a Consellería de Sanidade ao SERGAS, como participación dos servizos sanitarios no sistema de financiamento autonómico, aínda que polas características destes últimos unha gran proporción do gasto terá por finalidade a atención de gasto corrente. Por último, as transferencias da Consellería de Educación para o financiamento das universidades de Galicia comparten igualmente esa condición, e unha parte delas pode ser destinada a gasto de capital, aínda que, como no caso das transferencias ao SERGAS, na súa maior parte terminarán financiando operacións de carácter corrente.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes		
Distribución Económica		
(Miles de Euros)		
2010		
Artigos	Importe	Valor relativo
40 Á Administración xeral e OO.PP. do Estado	7.186	0,1
43 A OO.AA. da Comunidade Autónoma de Galicia	3.386.900	60,0
44 A sociedades públicas e outros entes públicos da C.A.	461.818	8,2
46 A corporacións locais	1.079.881	19,1
47 A empresas privadas	128.449	2,3
48 A familias e institucións sen fin de lucro	579.675	10,3
49 Ao exterior	4.751	0,1
Total	5.648.661	100,0

Nos orzamentos do ano 2010 o sector público autonómico absorbe o 68,2% dos créditos de transferencias correntes, as corporacións locais, o 19,1% e o sector privado, formado polas empresas e as familias e institucións sen ánimo de lucro, recibe o 12,6%.

O Servizo Galego de Saúde é o maior destinatario das transferencias do capítulo IV, xa que recibe a través da Consellería de Sanidade 3.318,2 millóns de euros.

As Corporacións Locais ocupan o segundo lugar en importancia polo volume das transferencias recibidas. Ademais das derivadas da subscripción de convenios ou da concesión de subvencións, figura a participación destas nos tributos do Estado, que se reduce este ano nun 4,4% respecto ano anterior, en concordancia coa redución dos seus ingresos. Figura neste capítulo por vez primeira, co obxecto de recoller axeitadamente o seu carácter de recurso financeiro incondicionado, a achega da Xunta de Galicia para o financiamento das entidades locais, a través do Fondo de Cooperación Local, como instrumento de participación específico daquelas nos tributos da Comunidade Autónoma, tanto a entrega a conta correspondente ao ano 2010 como a liquidación prevista correspondente ao ano 2008.

Un terceiro bloque en importancia cuantitativa pode considerarse formado polas transferencias da Consellería de Educación, cun importe de 582,7 millóns de euros, destinados a subvencionar a gratuidade do ensino e ao financiamento das universidades de Galicia, e polas transferencias de servizos sociais a cargo da Consellería de Traballo e Benestar, que se incrementan nun 20,8% sobre o ano anterior polo efecto, xa comentado noutras partes desta Memoria, da progresiva

aplicación da Lei de dependencia.

Por último destacar ademais neste capítulo as transferencias no ámbito da Xustiza que se incrementan nun 10,4% respecto ao ano anterior.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes							
Distribución Funcional							
Funcións	2009	2010	% Var.2010/2009		Valor Relativo		
			Importe	%	2009	2010	
11 Alta dirección da comunidade autónoma	3.914	3.688	-227	-5,8	0,1	0,1	
12 Administración xeral	3.970	3.743	-227	-5,7	0,1	0,1	
13 Xustiza	11.768	12.993	1.225	10,4	0,2	0,2	
14 Administración local	549	693	143	26,1	0,0	0,0	
15 Normalización lingüística	3.573	2.746	-827	-23,1	0,1	0,0	
16 Procesos electorais e órganos de representación política	4.418	0	-4.418	-100,0	0,1	0,0	
21 Protección civil e seguranza	11.105	12.222	1.117	10,1	0,2	0,2	
31 Acción social e promoción social	238.572	288.228	49.656	20,8	4,1	5,1	
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	332.912	310.120	-22.792	-6,8	5,7	5,5	
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	6.569	5.939	-630	-9,6	0,1	0,1	
41 Sanidade	3.427.021	3.324.299	-102.722	-3,0	58,5	58,9	
42 Educación	612.266	580.492	-31.774	-5,2	10,5	10,3	
43 Cultura	10.228	8.845	-1.382	-13,5	0,2	0,2	
44 Deportes	13.344	11.209	-2.135	-16,0	0,2	0,2	
45 Vivenda	24.970	21.177	-3.793	-15,2	0,4	0,4	
46 Outros servizos comunitarios e sociais	916	729	-188	-20,5	0,0	0,0	
51 Infraestruturas	33.192	28.437	-4.755	-14,3	0,6	0,5	
52 Ordenación do territorio	4.435	4.476	41	0,9	0,1	0,1	
54 Actuacións ambientais	7.213	5.889	-1.324	-18,4	0,1	0,1	
55 Actuacións e valorización do medio rural	6.126	5.202	-924	-15,1	0,1	0,1	
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	39.406	37.851	-1.555	-3,9	0,7	0,7	
57 Sociedade da información e do coñecemento	1.652	1.387	-264	-16,0	0,0	0,0	
58 Información estatística básica	3.540	3.441	-99	-2,8	0,1	0,1	
61 Actuacións económicas xerais	15.633	14.756	-876	-5,6	0,3	0,3	
62 Actividades financeiras	10.238	0	-10.238	-100,0	0,2	0,0	
71 Dinamización económica do medio rural	12.587	11.956	-631	-5,0	0,2	0,2	
72 Pesca	3.594	2.567	-1.027	-28,6	0,1	0,0	
73 Industria, enerxía e minaría	2.382	2.354	-28	-1,2	0,0	0,0	
74 Desenvolvemento empresarial	13.731	12.879	-853	-6,2	0,2	0,2	
75 Comercio	119	114	-5	-4,2	0,0	0,0	
76 Turismo	26.500	20.660	-5.840	-22,0	0,5	0,4	
81 Transferencias a entidades locais	971.884	909.569	-62.315	-6,4	16,6	16,1	
Total	5.858.328	5.648.661	-209.667	-3,6	100,0	100,0	

CAPÍTULO V. FONDO DE CONTINXENCIA

O Fondo de continxencia da Administración Xeral, introducido como novidade no ano 2009, ascende este ano a 20,9 millóns de euros. Este fondo ten como finalidade primordial atender os gastos non previstos, que poidan ter as diferentes consellerías da Xunta de Galicia ao longo do exercicio.

CAPÍTULO V. Fondo de continxencia						
Distribución Orgánica						
Seccións	2009	2010	% Var.2010/2009		Valor Relativo	
			Importe	%	2009	2010
02 Consello de Contas	0	13	13	0,0	0,0	0,1
04 Presidencia da Xunta	0	55	55	0,0	0,0	0,3
05 Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	0	28	28	0,0	0,0	0,1
06 Facenda	0	20	20	0,0	0,0	0,1
07 Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas	0	17	17	0,0	0,0	0,1
08 Economía e Industria	0	44	44	0,0	0,0	0,2
09 Educación e Ordenación Universitaria	0	11	11	0,0	0,0	0,1
10 Sanidade	0	6	6	0,0	0,0	0,0
11 Cultura e Turismo	0	14	14	0,0	0,0	0,1
12 Traballo e Benestar	0	17	17	0,0	0,0	0,1
13 Medio Rural	0	13	13	0,0	0,0	0,1
14 Mar	0	12	12	0,0	0,0	0,1
20 Consello Consultivo de Galicia	0	15	15	0,0	0,0	0,1
23 Gastos Diversas Consellerías	19.444	20.685	1.242	6,4	100,0	98,7
Total	19.444	20.949	1.505	7,7	100,0	100,0

CAPÍTULO V. Fondo de continxencia			
Distribución Económica			
Artigos	2010		Valor relativo
	Importe	Valor relativo	
52 Fondo de continxencia	20.949	100,0	
Total	20.949	100,0	

CAPÍTULO V. Fondo de continxencia						
Distribución Funcional						
Funcións	2009	2010	% Var.2010/2009		Valor Relativo	
			Importe	%	2009	2010
11 Alta dirección da comunidade autónoma	0	13	13	0,0	0,0	0,1
62 Actividades financeiras	19.444	20.936	1.492	7,7	100,0	99,9
Total	19.444	20.949	1.505	7,7	100,0	100,0

CAPÍTULO VI. INVESTIMENTOS REAIS

Con destino á realización de investimentos reais os orzamentos do ano 2010 consignan créditos por importe de 1.009,6 millóns de euros. O capítulo VI representa o 9,4% do gasto non financeiro da Administración Xeral, e constitúe unicamente unha parte do esforzo investidor da Comunidade Autónoma. Complétase, cos investimentos financiados a través das transferencias de capital da Administración Xeral; co realizado polos Organismos Autónomos, onde o Servizo Galego de Saúde e o Instituto Galego da Vivenda e Solo teñen unha presenza moi importante e polo investimento realizado polo sector público empresarial da Comunidade Autónoma.

CAPÍTULO VI. Investimentos reais						
Distribución Orgánica						
Seccións	2009	2010	% Var.2010/2009		(Miles de Euros) Valor Relativo	
			Importe	%	2009	2010
01 Parlamento	1.525	825	-700	-45,9	0,1	0,1
02 Consello de Contas	861	599	-262	-30,4	0,1	0,1
03 Consello da Cultura Galega	383	339	-45	-11,6	0,0	0,0
04 Presidencia da Xunta	49.109	42.038	-7.070	-14,4	4,2	4,2
05 Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	15.760	12.427	-3.332	-21,1	1,4	1,2
06 Facenda	6.874	5.155	-1.718	-25,0	0,6	0,5
07 Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas	473.122	433.115	-40.007	-8,5	40,8	42,9
08 Economía e Industria	18.640	16.056	-2.585	-13,9	1,6	1,6
09 Educación e Ordenación Universitaria	108.075	91.960	-16.115	-14,9	9,3	9,1
10 Sanidade	39.672	37.509	-2.162	-5,5	3,4	3,7
11 Cultura e Turismo	43.768	39.449	-4.319	-9,9	3,8	3,9
12 Traballo e Benestar	42.914	33.329	-9.585	-22,3	3,7	3,3
13 Medio Rural	218.422	206.381	-12.040	-5,5	18,8	20,4
14 Mar	72.536	66.155	-6.381	-8,8	6,3	6,6
20 Consello Consultivo de Galicia	266	196	-70	-26,3	0,0	0,0
23 Gastos Diversas Consellerías	66.963	24.104	-42.859	-64,0	5,8	2,4
Total	1.158.889	1.009.638	-149.251	-12,9	100,0	100,0

A maior parte dos créditos deste capítulo, un 65,5%, está destinado ao investimento novo, e moi especialmente á realización de infraestruturas. O investimento de reposición absorbe un 11,6% dos créditos totais, e un 2,3% as infraestruturas básicas de apoio aos sistemas produtivos. Finalmente, o 20,6% restante corresponde a investimentos de carácter inmaterial, entre os que figuran actuacións tan importantes como a realización de campañas sanitarias de vacinación e loita contra as drogodependencias, programas de formación do profesorado, convenios de fomento e normalización en lingua galega, ou a promoción de produtos galegos.

CAPÍTULO VI. Inversións reais		
Distribución Económica		
		(Miles de Euros)
		2010
Artigos	Importe	Valor relativo
60 Invest. novo en infraestrutura e bens destinados ao uso xeral	507.117	50,2
61 Invest. reposición en infraestrutura e bens destinados ao uso xeral	70.522	7,0
62 Invest. novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos	154.861	15,3
63 Invest. reposición asociado ao funcionamento operativo dos servizos	46.564	4,6
64 Gastos en inversións de carácter inmaterial	207.800	20,6
65 Infraestrutura básica de apoio ós sectores productivos	22.774	2,3
Total	1.009.638	100,0

CAPÍTULO VI. Inversións reais						
Distribución Funcional						
					(Miles de Euros)	
					Valor Relativo	
Funcións	2009	2010	% Var.2010/2009		2009	2010
			Importe	%		
11 Alta dirección da comunidade autónoma	3.679	2.284	-1.395	-37,9	0,3	0,2
12 Administración xeral	6.487	6.866	379	5,8	0,6	0,7
13 Xustiza	4.728	1.914	-2.814	-59,5	0,4	0,2
14 Administración local	2.527	2.108	-419	-16,6	0,2	0,2
15 Normalización lingüística	14.152	11.278	-2.873	-20,3	1,2	1,1
21 Protección civil e seguranza	1.015	694	-321	-31,6	0,1	0,1
31 Acción social e promoción social	30.609	24.233	-6.377	-20,8	2,6	2,4
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	14.655	10.933	-3.722	-25,4	1,3	1,1
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	605	355	-250	-41,3	0,1	0,0
41 Sanidade	39.547	37.384	-2.162	-5,5	3,4	3,7
42 Educación	94.227	79.102	-15.126	-16,1	8,1	7,8
43 Cultura	37.408	33.812	-3.596	-9,6	3,2	3,3
44 Deportes	14.358	11.487	-2.872	-20,0	1,2	1,1
46 Outros servizos comunitarios e sociais	12.348	7.535	-4.813	-39,0	1,1	0,7
51 Infraestruturas	456.211	401.198	-55.013	-12,1	39,4	39,7
52 Ordenación do territorio	18.788	14.516	-4.273	-22,7	1,6	1,4
54 Actuacións ambientais	78.492	53.810	-24.682	-31,4	6,8	5,3
55 Actuacións e valorización do medio rural	111.490	128.552	17.062	15,3	9,6	12,7
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	10.149	9.759	-389	-3,8	0,9	1,0
57 Sociedade da información e do coñecemento	22.824	25.284	2.460	10,8	2,0	2,5
58 Información estatística básica	761	556	-205	-26,9	0,1	0,1
61 Actuacións económicas xerais	4.204	4.305	101	2,4	0,4	0,4
62 Actividades financeiras	12.326	24.930	12.604	102,2	1,1	2,5
71 Dinamización económica do medio rural	84.011	59.099	-24.912	-29,7	7,2	5,9
72 Pesca	51.827	39.767	-12.060	-23,3	4,5	3,9
73 Industria, enerxía e minaría	4.600	3.449	-1.151	-25,0	0,4	0,3
74 Desenvolvemento empresarial	11.700	1.783	-9.917	-84,8	1,0	0,2
75 Comercio	5.360	4.480	-880	-16,4	0,5	0,4
76 Turismo	9.800	8.165	-1.635	-16,7	0,8	0,8
Total	1.158.889	1.009.638	-149.251	-12,9	100,0	100,0

A realización de infraestruturas constitúe o destino clásico dos créditos de inversións, e a elas se dedican 401,2 millóns de euros no ano 2010. Como

consecuencia, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas continúa a ser a maior xestora do capítulo VI, seguida da Consellería do Medio Rural. Os restantes créditos figuran moi diversificados como corresponde a unha programación que no seu desenvolvemento estratéxico apunta a distintas liñas de actuación, destacando entre eles os investimentos da Consellería de Educación destinados á mellora dos centros educativos.

En orde a súa importancia económica, entre os investimentos que se acometerán polos distintos departamentos da Administración Xeral poden ser destacados os que se indican a continuación.

- **Presidencia da Xunta**

Desenvolvemento e aplicación das TICs	12.727.913 euros
Obras en materia de deportes.....	10.536.656 euros
Desenvolvemento das tecnoloxía da información e das telecomunicacións	2.309.289 euros
Plan de promoción do sector audiovisual e multimedia	1.837.500 euros

- **Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**

Obra nova por mandatos a SPI.....	5.000.000 euros
Adquisición de equipamentos ofimáticos de implantación de administración electrónica	1.888.183 euros

- **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**

Conservación por contrata	60.125.721 euros
Obra nova por mandato a SPI	35.640.000 euros
Vía alta capacidade Sarria-Monforte.....	29.636.914 euros
Cánones de demanda infraestrutura viaria	24.635.670 euros
Mellora da seguridade vial	23.848.981 euros
Vía Ártabra	22.117.469 euros
Mellora da rede de estradas.....	16.025.531 euros
Vía alta capacidade Ferrol-San Cibrao	11.743.218 euros

Humanización e mellora da seguridade vial (Vigo-Praia América.	10.843.656 euros
Actuacións en seguridade vial	8.049.810 euros
Obra nova en materia de urbanismo.....	5.595.060 euros
• Consellería de Economía e Industria	
Investimentos en I+D	5.144.341 euros
Promoción comercial sectorial e accións derivadas	2.078.500 euros
• Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	
Reparacións, ampliacións e melloras	23.000.000 euros
Construcións encargadas a SPI.....	7.138.160 euros
Adquisición material informático centros educativos	3.394.374 euros
Servizos avanzados da información	3.150.000 euros
Plan de formación do profesorado non universitario	2.027.511 euros
• Consellería de Sanidade	
Programa galego de vacinación.....	15.908.200 euros
Programas poboacionais de cribado.....	3.834.609 euros
• Consellería de Cultura e Turismo	
Investimentos e outros gastos. Arquivos e museos.....	5.505.000 euros
Obras en materia de patrimonio cultural.....	4.292.360 euros
Circuitos culturais.....	3.819.378 euros
Promoción e difusión do turismo.....	3.304.115 euros
Promoción da lectura e do libro	3.110.000 euros
• Consellería de Traballo e Benestar	
Obras e reparacións de centros e servizos sociais	7.760.333 euros
Catálogo de expertos. Plan FIP	4.580.000 euros
Plan de modernización do Servizo Público de Emprego.....	2.670.000 euros

Obra nova por mandato a SPI.....	2.300.000 euros
Políticas transversais para a mocidade	1.570.000 euros
• Consellería de Medio Rural	
Dispositivo de prevención e defensa contra incendios	29.325.000 euros
Defensa sanitaria e gandeira	21.250.000 euros
Mellora das infraestruturas básicas do medio rural 2010	19.000.000 euros
Plan de desenvolvemento rural sostible 2010-2014	18.200.000 euros
Aluguer medios aéreos de extinción	9.700.000 euros
Mellora das estruturas agrarias.....	9.646.329 euros
Plan de desenvolvemento rural	7.000.000 euros
Valorización silvícola da estrutura das masas forestais	6.824.999 euros
Accións integrais de infraestrutura territorial	6.762.720 euros
• Consellería do Mar	
Prospección, planificación, adecuación e mellora zonas produción	15.134.000 euros
Servizo público de busca, salvamento, loita contra a contaminación no mar	14.300.000 euros
Equipamentos pesqueiros.....	4.290.795 euros
Convenios para vixilancia con entidades asociativas.....	2.499.000 euros

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

Por medio das transferencias de capital a Administración Xeral acomete a realización de investimentos de interese público sen asumir de forma directa a súa execución, que se encomenda aos axentes, públicos ou privados, receptores desas transferencias.

Nos orzamentos do ano 2010 as transferencias de capital ascenden a 1.288,9 millóns de euros, incrementándose lixeiramente respecto ao ano anterior. O sector público, e moi especialmente o sector público da Comunidade Autónoma, resulta o maior destinatario destas transferencias, absorbendo o 61,7% do total. Unha participación menor, pero en todo caso moi significativa en consonancia co importante papel que desempeñan no desenvolvemento dos sectores produtivos, corresponde ás empresas privadas, que canalizan un 23,3%. As institucións sen fins de lucro participan cun 8,7%, e de forma residual un 0,3% das transferencias destínanse a entidades do exterior.

O sector público autonómico canaliza como indicamos anteriormente a parte máis importante destas transferencias, destinándose especificamente 795,7 millóns de euros.

As transferencias realizadas en favor das Corporacións Locais, que representan 112,1 millóns de euros, corresponden á subscripción de convenios e concesión de subvencións, por importe de 93,8 millóns de euros e, como novidade neste orzamento, constitúese un Fondo Extraordinario do que se serán beneficiarios todos os concellos galegos, por importe de 18,3 millóns de euros, a efectos de igualar as entregas a conta que percibirán os concellos coas recibidas no ano 2009.

Por último destacar, as transferencias de capital destinadas ao Turismo, cun crecemento do 21,0%, fundamentalmente para a promoción e celebración do Ano Santo Xacobeo 2010.

CAPÍTULO VII. Transferencias de capital						
Distribución Orgánica						
(Miles de Euros)						
Seccións	2009	2010	% Var.2010/2009		Valor Relativo	
			Importe	%	2009	2010
01 Parlamento	35	24	-11	-30,5	0,0	0,0
04 Presidencia da Xunta	44.006	43.142	-864	-2,0	3,4	3,3
05 Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	22.484	16.235	-6.249	-27,8	1,7	1,3
06 Facenda	10.447	10.472	25	0,2	0,8	0,8
07 Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas	293.573	276.980	-16.593	-5,7	22,8	21,5
08 Economía e Industria	296.783	275.337	-21.446	-7,2	23,1	21,4
09 Educación e Ordenación Universitaria	58.654	60.609	1.955	3,3	4,6	4,7
10 Sanidade	27.475	104.372	76.897	279,9	2,1	8,1
11 Cultura e Turismo	101.767	93.158	-8.609	-8,5	7,9	7,2
12 Traballo e Benestar	18.077	12.114	-5.963	-33,0	1,4	0,9
13 Medio Rural	283.689	268.841	-14.847	-5,2	22,1	20,9
14 Mar	126.524	109.337	-17.187	-13,6	9,8	8,5
21 Transferencias a CC.LL.	0	18.309	18.309	0,0	0,0	1,4
23 Gastos Diversas Consellerías	2.791	0	-2.791	-100,0	0,2	0,0
Total	1.286.303	1.288.929	2.627	0,2	100,0	100,0

CAPÍTULO VII. Transferencias de capital		
Distribución Económica		
(Miles de Euros)		
Artigos	2010	
	Importe	Valor relativo
70 Á Administración xeral e OO.PP. do Estado	828	0,1
73 A OO.AA. da Comunidade Autónoma	406.069	31,5
74 A sociedades públicas e outros entes públicos da C.A. de Galicia	389.644	30,2
76 A corporacións locais	112.103	8,7
77 A empresas privadas	300.907	23,3
78 A familias e institucións sen fin de lucro	75.608	5,9
79 Ao exterior	3.770	0,3
Total	1.288.929	100,0

CAPÍTULO VII. Transferencias de capital							
Distribución Funcional							
Funcións			% Var. 2010/2009		Valor Relativo		
	2009	2010	Importe	%	2009	2010	
11 Alta dirección da comunidade autónoma	35	24	-11	-30,5	0,0	0,0	
12 Administración xeral	1.922	1.029	-893	-46,5	0,1	0,1	
14 Administración local	8.290	6.577	-1.713	-20,7	0,6	0,5	
15 Normalización lingüística	1.741	1.393	-348	-20,0	0,1	0,1	
21 Protección civil e seguranza	8.332	5.630	-2.703	-32,4	0,6	0,4	
31 Acción social e promoción social	17.327	10.350	-6.977	-40,3	1,3	0,8	
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	6.529	4.061	-2.468	-37,8	0,5	0,3	
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	3.939	3.000	-939	-23,8	0,3	0,2	
41 Sanidade	27.475	104.372	76.897	279,9	2,1	8,1	
42 Educación	57.188	59.491	2.303	4,0	4,4	4,6	
43 Cultura	64.674	47.874	-16.800	-26,0	5,0	3,7	
44 Deportes	6.755	5.742	-1.013	-15,0	0,5	0,4	
45 Vivenda	84.912	88.671	3.760	4,4	6,6	6,9	
46 Outros servizos comunitarios e sociais	14.316	10.737	-3.579	-25,0	1,1	0,8	
51 Infraestruturas	79.453	61.470	-17.983	-22,6	6,2	4,8	
52 Ordenación do territorio	22.425	26.393	3.968	17,7	1,7	2,0	
53 Promoción de solo para actividades económicas	5.280	4.743	-538	-10,2	0,4	0,4	
54 Actuacións ambientais	136.138	121.156	-14.982	-11,0	10,6	9,4	
55 Actuacións e valorización do medio rural	15.125	8.258	-6.867	-45,4	1,2	0,6	
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	81.397	74.946	-6.450	-7,9	6,3	5,8	
57 Sociedade da información e do coñecemento	19.061	23.702	4.641	24,3	1,5	1,8	
58 Información estatística básica	1.638	1.228	-409	-25,0	0,1	0,1	
61 Actuacións económicas xerais	10.999	11.243	244	2,2	0,9	0,9	
71 Dinamización económica do medio rural	231.619	231.368	-251	-0,1	18,0	18,0	
72 Pesca	96.022	87.933	-8.089	-8,4	7,5	6,8	
73 Industria, enerxía e minaría	39.420	34.993	-4.427	-11,2	3,1	2,7	
74 Desenvolvemento empresarial	177.922	162.908	-15.013	-8,4	13,8	12,6	
75 Comercio	28.390	25.380	-3.010	-10,6	2,2	2,0	
76 Turismo	37.980	45.949	7.969	21,0	3,0	3,6	
81 Transferencias a entidades locais	0	18.309	18.309	0,0	0,0	1,4	
Total	1.286.303	1.288.929	2.627	0,2	100,0	100,0	

Os programas vinculados á dinamización do medio rural, ao desenvolvemento empresarial, a actuacións de carácter medioambiental, a pesca, a cultura, a vivenda, a investigación, desenvolvemento empresarial, con un 12,6%, e innovación, son os principais canalizadores destas transferencias.

As transferencias de capital máis destacables por razón do seu importe, agrupadas por seccións orzamentarias, enuméranse a continuación.

- **Presidencia da Xunta**

Extensión da banda larga en Galicia	9.999.999 euros
Actuacións para o fomento da sociedade da información	7.692.153 euros
Subvencións a concellos para infraestruturas deportivas.....	4.941.887 euros
Promoción e fomento das tecnoloxías da información e comunicación	3.381.341 euros

- **Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**

Axudas á cooperación no exterior.....	3.000.000 euros
Plans de desenvolvemento local.....	1.571.429 euros

- **Consellería de Facenda**

Evolución da plataforma e dos sistemas de información horizontais da Consellería de Facenda	6.525.987 euros
Modernización de procesos para a administración electrónica	2.680.200 euros

- **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**

Transporte público por estrada	15.163.220 euros
Convenio Xunta/Aceousa. Supresión peaxes.....	13.140.000 euros
Axudas a concellos para actuacións en entornos urbanos.....	6.455.193 euros
Axudas para a redacción do planeamento urbanístico	4.657.238 euros
Axudas aos concellos para o planeamento urbanístico	4.290.717 euros
Programa de investimentos ambientais nas empresas de Galicia	2.858.653 euros

- **Consellería de Economía e Industria**

Investigación e desenvolvemento en empresas	19.166.142 euros
Axudas a proxectos, infraestruturas, convenios innovación	17.603.867 euros
Aportación fondo de calidade ás universidades galegas	9.923.066 euros
Apoio a empresas comerciais e industriais	8.603.457 euros
Ordenación dos espazos comerciais municipais: equipamentos e vertebración	8.500.000 euros
Energías tradicionais. Electricidade e gas	8.500.000 euros
Asociacionismo comercial e integracións estratéxicas	7.000.000 euros
Consolidación de grupos de investigación universidades SUG	6.388.588 euros
Apoio á investigación e desenvolvemento universitario	5.929.497 euros
Actuacións dirixidas á consolidación de grupos de investigación	4.174.622 euros
Actuacións para infraestruturas en polígonos industriais	3.817.000 euros
Modernización e fomento da calidade no comercio retalista	3.160.000 euros
Apoio á innovación empresarial	3.106.919 euros

- **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**

Complemento plan de financiamento para investigadores en I+D+i ...	18.000.000 euros
Convenios coas universidades	12.380.850 euros
Mellora da calidade e a competitividade da produción científica no SUG.....	9.386.237 euros
Axudas á adquisición de libros de texto e material escolar	8.520.000 euros

- **Consellería de Cultura e Turismo**

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado 2010

4-Produción de bens públicos de carácter social	6.553.731.137
41-Sanidade	3.728.275.130
411A-Dirección e servizos xerais de Sanidade	88.595.884
Servicio Galego de Saúde	60.549.446
Sanidade	28.046.438
412A-Atención especializada	2.131.189.491
Servicio Galego de Saúde	2.131.189.491
412B-Atención primaria	1.376.407.801
Servicio Galego de Saúde	1.376.407.801
413A-Protección e promoción da saúde pública	83.688.434
Servicio Galego de Saúde	15.963.986
Sanidade	67.724.448
414A-Formación de graduados e posgraduados	48.393.520
Servicio Galego de Saúde	48.393.520

**Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado
2010**

4-Produción de bens públicos de carácter social	6.553.731.137
42-Educación	2.379.151.821
421A-Dirección e servizos xerais de educación	27.942.539
Educación e Ordenación Universitaria	27.942.539
422A-Educación infantil, primaria e ESO	887.298.829
Educación e Ordenación Universitaria	887.298.829
422C-Ensino universitario	362.327.153
Educación e Ordenación Universitaria	362.327.153
422D-Educación especial	33.933.902
Educación e Ordenación Universitaria	33.933.902
422E-Ensinanzas artísticas	28.888.783
Educación e Ordenación Universitaria	28.888.783
422G-Ensinanzas especiais	15.453.978
Educación e Ordenación Universitaria	15.453.978
422H-Outras ensinanzas	937.000
Educación e Ordenación Universitaria	937.000
422I-Formación e perfeccionamento do profesorado	2.523.831
Educación e Ordenación Universitaria	2.523.831
422K-Ensinanzas pesqueiras	8.801.065
Mar	8.801.065
422L-Capacitación e extensión agroforestal	9.114.617
Medio Rural	9.114.617
422M-Ensinanza secundaria e formación profesional	787.700.727
Educación e Ordenación Universitaria	786.114.105
Medio Rural	1.586.622
423A-Servizos e axudas complementarias das ensinanzas	190.882.675
Educación e Ordenación Universitaria	190.882.675
423B-Prevención do abandono escolar	23.346.722
Educación e Ordenación Universitaria	23.346.722
43-Cultura	120.442.659
431A-Dirección e servizos xerais de cultura	37.907.899
Cultura e Turismo	37.907.899
432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais	16.994.000
Cultura e Turismo	16.994.000
432B-Fomento das actividades culturais	39.511.990
Axencia Galega das Industrias Culturais	14.261.565
Cultura e Turismo	25.250.425
432C-Fomento do audiovisual	3.192.411
Presidencia da Xunta	3.192.411
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural	22.836.359
Cultura e Turismo	22.836.359

V. Consolidación dos entes con orzamento limitativo

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado 2010

4-Produción de bens públicos de carácter social	6.553.731.137
44-Deportes	34.863.284
441A-Promoción da actividade deportiva	34.863.284
Presidencia da Xunta	34.863.284
45-Vivenda	162.829.969
451A-Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda	61.802.146
Instituto Galego da Vivenda e Solo	61.802.146
451B-Acceso á vivenda	84.036.629
Instituto Galego da Vivenda e Solo	84.036.629
451C-Dirección e servizos xerais de vivenda e solo	16.991.194
Instituto Galego da Vivenda e Solo	16.991.194
46-Outros servizos comunitarios e sociais	128.168.274
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social	8.217.908
Presidencia da Xunta	8.217.908
461B-Radiodifusión e TVG	119.950.366
Presidencia da Xunta	119.950.366

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado 2010

5-Produción de bens públicos de carácter económico	1.207.748.246
51-Infraestruturas	518.158.426
511A-Dirección e servizos xerais de Territorio e Infraestruturas	10.394.104
Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas	10.394.104
512A-Ordenación e inspección do transporte	62.594.421
Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas	62.594.421
512B-Construción, conservación e explotación de estradas	419.274.976
Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas	419.274.976
513A-Construción, conservación e explotación portuaria	21.404.130
Mar	21.404.130
514A-Infraestruturas pesqueiras	4.490.795
Mar	4.490.795
52-Ordenación do territorio	50.451.092
521A-Urbanismo	50.451.092
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	5.319.391
Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas	45.131.701
53-Promoción de solo para actividades económicas	17.277.521
531A-Promoción de solo para actividades económicas	17.277.521
Instituto Galego da Vivenda e Solo	17.277.521

**Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado
2010**

5-Produción de bens públicos de carácter económico	1.207.748.246
54-Actuacións ambientais	243.855.423
541A-Dirección e servizos xerais de medio de ambiente	9.107.110
Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas	9.107.110
541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural	34.423.567
Medio Rural	34.423.567
541C-Protección e mellora do medio natural marítimo	18.501.207
Mar	18.501.207
541D-Control ambiental e xestión de residuos	20.945.516
Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas	20.945.516
541E-Coñecemento do ambiente e fomento da sustentabilidade	12.044.223
Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas	12.044.223
542A-Planificación e xestión hidrolóxica	18.564.547
Augas de Galicia	18.564.547
542B-Infraestruturas e xestión de abastecemento e saneamento	130.269.253
Augas de Galicia	130.269.253
55-Actuacións e valorización do medio rural	187.634.060
551A-Infraestruturas e equipamentos no medio rural	88.240.110
Medio Rural	88.240.110
551B-Accións preventivas e infraestrutura forestal	99.393.950
Medio Rural	99.393.950
56-Investigación, desenvolvemento e innovación	134.542.602
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	84.519.671
Economía e Industria	63.941.893
Medio Rural	13.982.061
Mar	6.595.717
561B-Investigación universitaria	49.615.327
Economía e Industria	49.615.327
561C-Investigación sanitaria	407.604
Servicio Galego de Saúde	407.604
57-Sociedade da información e do coñecemento	50.556.539
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento	50.556.539
Presidencia da Xunta	44.012.165
Educación e Ordenación Universitaria	6.544.374
58-Información estatística básica	5.272.583
581A-Elaboración e difusión estatística	5.272.583
Facenda	48.750
Instituto Galego de Estatística	4.677.733
Educación e Ordenación Universitaria	9.100
Sanidade	125.000
Traballo e Benestar	77.000
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	15.000
Medio Rural	220.000
Mar	100.000

V. Consolidación dos entes con orzamento limitativo

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado 2010

6-Regulación económica de carácter xeral	134.422.437
61-Actuacións económicas xerais	39.344.011
611A-Dirección e servizos xerais de facenda	23.345.390
Facenda	23.345.390
611B-Formación do persoal de facenda	40.000
Facenda	40.000
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica	7.178.506
Facenda	7.178.506
613A-Defensa da competencia	762.749
Tribunal Galego de Defensa da Competencia	762.749
613B-Ordenación, información e defensa do consumidor	8.017.366
Instituto Galego de Consumo	8.017.366
62-Actividades financeiras	95.078.426
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	51.342.453
Facenda	26.202.659
Gastos Diversas Consellerías	25.139.794
621B-Imprevistos e funcións non clasificadas	43.735.973
Presidencia da Xunta	55.247
S. Galego Promoción Igualdade do Home e da Muller	1.802
Academia Galega de Seguridade Pública	1.802
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	28.372
Escola Galega de Administración Pública	1.802
Facenda	19.543
Instituto Galego de Estatística	1.802
Tribunal Galego de Defensa da Competencia	6.439
Augas de Galicia	1.802
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	1.802
Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas	16.519
Instituto Galego da Vivenda e Solo	7.283
Economía e Industria	44.409
Educación e Ordenación Universitaria	11.114
Sanidade	5.707
Cultura e Turismo	13.815
Traballo e Benestar	16.667
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	1.802
Medio Rural	12.915
Mar	11.532
Consello Consultivo de Galicia	14.845
Gastos Diversas Consellerías	43.458.952

**Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado
2010**

7-Regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial	891.517.499
71-Dinamización económica do medio rural	395.027.098
711A-Dirección e servizos xerais do medio rural	37.496.138
Medio Rural	37.496.138
712A-Fixación de poboación no medio rural	42.159.703
Medio Rural	42.159.703
712B-Modernización e diversificación do tecido produtivo rural	95.711.505
Medio Rural	65.590.454
Fondo Galego de Garantía Agraria	30.121.051
712C-Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria	3.803.943
Medio Rural	3.803.943
713A-Mobilidade de terras agrarias improdutivas	2.930.125
Medio Rural	2.930.125
713B-Ordenación das producións forestais	68.576.883
Medio Rural	68.576.883
713C-Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables	8.224.888
Medio Rural	8.224.888
713D-Mellora da calidade na produción agroalimentaria	15.144.879
Medio Rural	15.144.879
713E-Benestar animal e sanidade vexetal	61.783.202
Medio Rural	61.783.202
713F-Regulacións das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores	59.195.832
Fondo Galego de Garantía Agraria	59.195.832
72-Pesca	153.625.046
721A-Dirección e servizos xerais de políticas pesqueiras	20.157.827
Mar	20.157.827
722A-Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira	8.366.621
Mar	8.366.621
723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura	111.893.547
Mar	111.893.547
723B-Regulación das producións e dos mercados da pesca	13.207.051
Mar	13.207.051
73-Industria, enerxía e minaría	54.365.520
731A-Dirección e servizos xerais de industria	7.557.461
Economía e Industria	7.557.461
732A-Regulación e soporte da actividade industrial	12.958.086
Economía e Industria	12.958.086
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables	12.869.381
Economía e Industria	12.869.381
733B-Infraestruturas enerxéticas	13.838.092
Economía e Industria	13.838.092
734A-Fomento da minaría	7.142.500
Economía e Industria	7.142.500

V. Consolidación dos entes con orzamento limitativo

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado 2010

7-Regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial	891.517.499
74-Desenvolvemento empresarial	177.819.856
741A-Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial	171.827.190
Facenda	250.000
Economía e Industria	152.080.230
Medio Rural	19.496.960
741B-Fomento do investimento en capital humano	2.528.443
Economía e Industria	2.528.443
741F-Apoio á artesanía	3.464.223
Economía e Industria	3.464.223
75-Comercio	31.643.783
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia	31.643.783
Economía e Industria	31.643.783
76-Turismo	79.036.196
761A-Coordinación e promoción do turismo	79.036.196
Cultura e Turismo	79.036.196

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado 2010

8-Transferencias a entidades locais	927.878.464
81-Transferencias a entidades locais	927.878.464
811A-Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado	801.000.000
Transferencias a CC.LL.	801.000.000
811B-Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos da C. A.	120.578.464
Transferencias a CC.LL.	120.578.464
811C-Outros soportes financeiros ás entidades locais	6.300.000
Gastos Diversas Consellerías	6.300.000

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado 2010

9-Débeda pública	672.577.100
91-Débeda pública	672.577.100
911A-Amortización e gastos financeiros da débeda pública	672.577.100
Débeda Pública	672.577.100

3. A CONTA FINANCEIRA

A Lei de réxime financeiro e orzamentario establece que os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma teñen que presentarse e aprobarse en equilibrio, de forma que os créditos autorizados non superen os recursos previstos nos respectivos estados de ingresos.

Os pasos dados ata chegar a esa situación de equilibrio póñense de manifesto mediante a interrelación das grandes magnitudes orzamentarias analizadas na conta financeira, que a través de diversos saldos – aforro corrente, formación de capital, capacidade ou necesidade de financiamento e de endebedamento, endebedamento neto, etc.- facilitan unha información moi básica, pero ao mesmo tempo precisa, sobre o alcance e composición dos orzamentos.

No ano 2010 o aforro por operacións correntes, que proporciona unha capacidade de financiamento de operacións de capital, acada a cifra de 276,0 millóns de euros.

Os ingresos por operacións de capital, 778,5 millóns de euros, experimentan un decrecemento do 13,3% respecto aos do ano anterior, como consecuencia do comportamento a baixa tanto do alleamento de investimentos reais como das transferencias de capital, aínda que en termos relativos o decrecemento é moito mais importante nos primeiros, cunha caída do 55,5% fronte á diminución do 7,4% experimentado nas transferencias.

O gasto de capital dos capítulos VI e VII ascende a 2.406,9 millóns de euros, e finánciase, en parte, cos ingresos por operacións de capital, polo que o saldo resultante nos determina unha formación de capital nestes orzamentos de 1.628,4 millóns de euros, que financiada co aforro por operacións correntes e xunto co fondo de continxencia, de 62,0 millóns de euros, determina unha necesidade de financiamento de 1.414,4 millóns de euros.

Así mesmo a variación de activos financeiros, entendida como a diferenza entre gastos e ingresos por este concepto acada unha cifra de 117,4 millóns de euros, que xunto coa necesidade de financiamento determina unha necesidade de endebedamento de 1.531,81 millóns de euros.

O endebedamento neto, obtido como diferenza entre a emisión de débeda e as amortizacións do capítulo IX de ingresos e gastos, representa 1.521,8 millóns de euros, situándose nunha contía acorde co que o Consello de Política Fiscal e Financeira, na súa sesión plenaria do 7 de outubro de 2009, informou favorablemente como obxectivo de estabilidade orzamentaria para as comunidades autónomas no ano 2010, consistente nun déficit máximo do 2,5% do PIB da respectiva Comunidade Autónoma sen incluír o déficit por investimentos en actuacións produtivas, establecido, a súa vez, nun 0,25% da magnitude económica sinalada. Deste xeito, a Comunidade Autónoma terá que presentar un plan económico - financeiro de reequilibrio.

V. Consolidación de entes con orzamento limitativo

Conta financeira				
(Miles de euros)				
	2009	2010	Variación 2010/2009	
			Importe	%
1. OPERACIÓN CORRENTES				
Ingresos	10.043.104	8.859.165	-1.183.939	-11,8
Impostos directos	1.515.943	1.373.788	-142.155	-9,4
Impostos indirectos	2.399.496	1.896.785	-502.711	-21,0
Taxas, prezos e outros ingresos	285.986	270.678	-15.308	-5,4
Transferencias correntes	5.787.299	5.298.225	-489.074	-8,5
Ingresos patrimoniales	54.380	19.689	-34.691	-63,8
Gastos	8.619.824	8.583.164	-36.660	-0,4
Gastos de persoal	3.691.900	3.772.525	80.625	2,2
Gastos en bens correntes e servizos	1.393.731	1.378.309	-15.422	-1,1
Gastos financeiros	147.752	157.376	9.624	6,5
Transferencias correntes	3.386.441	3.274.954	-111.487	-3,3
AFORRO POR OPERACIÓN CORRENTES	1.423.280	276.001	-1.147.279	-80,6
2. OPERACIÓN DE CAPITAL				
Ingresos	898.218	778.508	-119.710	-13,3
Alleamento de investimentos reais	111.099	49.400	-61.699	-55,5
Transferencias de capital	787.119	729.108	-58.011	-7,4
Gastos	2.707.772	2.406.940	-300.832	-11,1
Investimentos reais	1.461.546	1.250.893	-210.653	-14,4
Transferencias de capital	1.246.226	1.156.047	-90.179	-7,2
FORMACIÓN DE CAPITAL	1.809.554	1.628.432	-181.122	-10,0
3. FONDO DE CONTINXENCIA	98.814	62.008	-36.806	-37,2
4. NECESIDADE (-) OU CAPACIDADE (+) DE FINANCIAMENTO	-485.088	-1.414.439	-929.351	191,6
5. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEROS				
Ingresos	940	765	-175	-18,6
Gastos	120.482	118.139	-2.343	-1,9
	119.542	117.374	-2.168	-1,8
6. NECESIDADE (-) OU CAPACIDADE (+) DE ENDEBEDAMENTO	-604.630	-1.531.813	-927.183	153,3
7. ENDEBEDAMENTO BRUTO				
Emisión de débeda	844.061	2.037.794	1.193.733	141,4
Outros	6.500	10.000	3.500	53,8
	850.561	2.047.794	1.197.233	140,8
8. ENDEBEDAMENTO NETO				
Emisión de débeda	844.061	2.037.794	1.193.733	141,4
Amortizacións	245.931	515.981	270.050	109,8
	598.130	1.521.813	923.683	154,4

VI. SOCIEDADES PÚBLICAS

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe a Comunidade Autónoma a potestade para constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que son da súa competencia. Esa autorización deriva do recoñecemento explícito da iniciativa pública na actividade económica que aparece recollido no artigo 128 da Constitución, e rompe co principio de subsidiariedade da iniciativa pública, que supeditaba a creación de empresas públicas á falta da iniciativa privada. Por tanto a súa razón de ser hai que buscala no carácter de servizo público da actividade que desenvolven, no interese xeral que para o conxunto da sociedade supón a súa actuación ou por outras razóns, ben de oportunidade ou conveniencia, que xustifican a súa creación.

As características das sociedades públicas autonómicas aparecen recollidas no artigo 12 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro. Poden revestir forma de sociedades mercantís con participación maioritaria da Comunidade Autónoma no seu capital, ou de entidades de dereito público con personalidade xurídica propia que por lei teñen que adecua-la súa actuación ao ordenamento xurídico privado, constituíndo, no seu conxunto, o sector público empresarial autonómico.

A resolución da 24 de xullo de 2009 da Dirección xeral de orzamentos ao abeiro da Orde do 23 de xuño de 2009 da Consellería de Facenda, pola que se dictan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, establece os formatos que deberán empregar as sociedades públicas para remitila súa documentación orzamentaria.

Neste senso, deberán remitir os Orzamentos de Explotación e Capital, o Programa de Actuacións, Investimento e Financiamento e os estados financeiros complementarios.

Os Orzamentos de Explotación e de Capital foron obxecto dunha profunda mellora que parte da modificación dos modelos de Programas de Actuación, Investimento e Financiamento (PAIF) regulados no artigo 83 do TRLFO e dos formatos aos que deben acomodarse os orzamentos que presentan as diferentes entidades públicas autonómicas, e co obxecto garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de

austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos aos distintos tipos de entes que configuran o sector público empresarial baséanse, nos esixidos para formulación das contas anuais na normativa contable que lle sexa de aplicación. Así, dadas as particularidades contables dos diferentes entes, os orzamentos de capital e de explotación ofrecen as seguintes variacións na súa presentación:

a) Entidades Públicas que rendan contas segundo o Plan Xeral de Contabilidade Pública, presentarán os modelos recollidos na Orde de 28 de novembro de 2001, pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

b) Entidades Públicas que rendan as súas contas segundo o Plan Xeral de Contabilidade Privada e Sociedades Mercantís públicas, presentarán os modelos que establece o Plan Xeral de Contabilidade, aprobado por Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro.

VI. As sociedades públicas

SOCIEDADES MERCANTÍS	Explotación	Capital
Redes de Telecomunicación Galegas, Retegal, S.A.	11.424	11.329
Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A.	3.421	3.436
Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.	12.036	12.036
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia	11.646	136.385
Sodiga Galicia. Sociedade de capital risco	1.262	22.246
Xes Galicia S. Xestora Entidades de Capital Risco, S.A.	2.207	2.207
Galicia Calidade, S.A.	3.665	3.665
S. A. de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia	255	412
Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia	47.956	27.369
Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo	41.166	43.131
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.	38.050	38.050
S.A. Xestora do Banco de Terras de Galicia	899	1.352
Sociedade o Desenvolvemento Comarcal de Galicia	7.066	6.500
Xenética Fontao, S.A.	4.707	4.769
Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	43.190	46.592
Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A., Sogama	95.230	94.525
Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.	73.426	71.940
Xestión Urbanística de Lugo, S.A.	39.785	45.027
Xestión Urbanística de Ourense, S.A.	17.555	17.544
Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.	30.953	30.953
TOTAL	485.898	619.465

(Miles de Euros)

VI. As sociedades públicas

ENTIDADES PÚBLICAS	Explotación	Capital
Compañía de Radio-Televisión de Galicia e Sociedades	27.305	141.659
Axencia Galega de Emerxencias	5.249	5.249
Centro Informático de Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable	16.636	16.648
Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos	4.235	191.022
Consello Económico e Social	1.169	1.331
Instituto Galego de Promoción Económica	117.820	309.818
Portos de Galicia	25.980	43.004
Instituto Enerxético de Galicia	21.839	23.540
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	42.170	42.170
Instituto Galego de Calidade Alimentaria	5.636	5.636
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	3.518	5.265
Consello Galego de Relacións Laborais	1.448	1.554
TOTAL	273.005	786.896

(Miles de Euros)

VI. As sociedades públicas

SOCIEDADES PÚBLICAS	Subvención de explotación	Subvención de capital
Redes de Telecomunicación Galegas, Retegal, S.A.	493	329
Galicia Calidade, S.A.	480	1.300
Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia	2.757	20.955
Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo	16.571	13.865
S.A. Xestora do Banco de Terras de Galicia	547	730
Sociedade o Desenvolvemento Comarcal de Galicia	3.812	100
Xenética Fontao, S.A.	102	189
Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	30.372	94
Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.	1.095	0
Xestión Urbanística de Lugo, S.A.	285	0
Xestión Urbanística de Ourense, S.A.	331	0
Xestión urbanística de Pontevedra, S.A	430	0
Compañía de Radio-Televisión de Galicia e Sociedades	0	10.287
Axencia Galega de Emerxencias	899	4.350
Centro Informático de Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable	7.380	9.206
Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos	0	106.526
Consello Económico e Social	1.151	18
Instituto Galego de Promoción Económica	10.057	105.847
Portos de Galicia	0	21.404
Instituto Enerxético de Galicia	2.234	8.855
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	2.722	39.438
Instituto Galego de Calidade Alimentaria	1.830	3.311
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	1.838	1.280
Consello Galego de Relacións Laborais	1.428	20
TOTAL	86.812	348.104

(Miles de Euros)

VII. FUNDACIÓNS E CONSORCIOS

A lei 3/2009, pola que se modifica o artigo 48 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, inclúe dentro do ámbito dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, os orzamentos das fundacións e os consorcios nos que concurren os requisitos determinados polo Sistema Europeo de Contas para integrarse no sector da administración pública autonómica de Galicia.

FUNDACIÓNS

O Estatuto de Autonomía de Galicia, na alínea 26, do artigo 27, confire a Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de fundacións de interese galego.

A Constitución Española, no artigo 34.1 recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral, de conformidade coa lei.

Neste senso, a lei 12/2006, de fundacións de interese galego, no artigo 58 define como fundacións do sector público de Galicia aquelas fundacións constituídas maioritariamente o na súa totalidade por aportacións da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, seus organismos públicos e demais entidades ou empresas do sector público autonómico; ou aquelas cuxos ingresos proveñan maioritariamente de subvencións con cargo aos orzamentos da Comunidade, sempre que neste último caso ésta forme parte dos seus órganos de goberno ou dirección.

O artigo 60 da citada lei, na alínea 4 establece que as fundacións do sector público de Galicia en materia de orzamentos, contabilidade e auditoría de contas estarán sometidas ao disposto no texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia..

As fundacións deberán presentar a seguinte documentación orzamentaria: Orzamentos de Explotación e Capital e estados financeiros complementarios, debendo adaptarse ao disposto Real Decreto 776/1998, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e sempre que non contradiga o Real Decreto 1514/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública.

Neste senso, a Resolución de 24 de xullo de 2009 da Dirección Xeral de Orzamentos ao abeiro da Orde de 23 de Xuño de 2009, da Consellería de Facenda, para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2010 establece os formatos aos que debe acomodarse a súa presentación.

Sen prexuízo do anteriormente disposto, deberase ter en conta as fundacións públicas sanitarias. A Disposición Adicional Segunda da lei 12/2006, de fundacións de interese galego, establece que estas últimas regularanse pola súa normativa específica, é dicir, pola lei 7/2003, de ordenación sanitaria de Galicia e polo tanto o disposto no capítulo X da lei 12/2006, só será de aplicación supletoriamente. Nembargantes en materia orzamentaria, financeira e de control someteranse, tal e como prevé o artigo 72 na alínea 5 da lei 7/2003 ao disposto no TRLRFO e polo tanto será de aplicación o disposto no parágrafo anterior.

VII. Fundacións e Consorcios

FUNDACIÓNS	Explotación	Capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	2.104	413
Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia	25.692	576
Fundación Cidade da Cultura	7.306	37.274
Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria	2.646	164
Fundación Pública Urgencias Sanitarias 061	44.781	267
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	3.257	1.275
Fundación Axencia Humanitaria de Galicia	720	2
Fundación Galicia Emigración	1.235	15
Fundación Galicia Europa	1.425	61
F. impulso da autonomía e atención ás persoas en sit. dependencia	845	293
Fundación Semana Verde de Galicia	2.693	889
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	1.597	3.036
Fundación Centro de Supercomputación de Galicia	7.902	10.459
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	560	1
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	1.155	925
Fundación Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia	922	83
Fundación Fomento da Calidade Industrial e o Desenvol.Tecnolóxico	16.341	13.203
Instituto Feiral de A Coruña	1.652	109
Fundacións para o Desenvolvemento Comarcal	2.132	1.360
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	2.594	629
Fundación Deporte Galego	4.570	19
Fundación Illa de San Simón	398	20
TOTAL	132.526	71.075

(Miles de Euros)

VII. Fundacións e Consorcios

FUNDACIÓNS	Subvención de explotación	Subvención de capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.623	0
Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia	133	0
Fundación Cidade da Cultura	1.745	25.758
Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria	2.599	0
Fundación Pública Urgencias Sanitarias 061	39.781	0
Fundación Axencia Humanitaria de Galicia	720	0
Fundación Galicia Emigración	665	0
Fundación Galicia Europa	717	0
F. impulso da autonomía e atención ás persoas en sit. dependencia	802	15
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	519	1.525
Fundación Centro de Supercomputación de Galicia	875	0
Fund. Exposicións e Congresos A Estrada	286	0
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	150	0
Fundación Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia	164	0
Fundación Fomento da Calidade Industrial e o Desenvol. Tecnolóxico	5.991	12.819
Instituto Feiral de A Coruña	198	0
Fundacións para o Desenvolvemento Comarcal	1.390	0
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	1.322	187
Fundación ROF-Codina	385	0
Fundación Deporte Galego	2.000	0
Fundación Illa de San Simón	290	20
TOTAL	62.069	40.324

(Miles de Euros)

CONSORCIOS

No referente aos consorcios, son entes de dereito público constituídos con carácter voluntario entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma ou os seus entes públicos e outras administracións públicas ou entidades públicas e privadas, que carecen de ánimo de lucro e cuxo obxectivo será o cumprimento de fins de interese público ou utilidade social.

Os consorcios teñen personalidade xurídica propia diferenciada, patrimonio e tesourería propias e actúan sometidos ao dereito público.

Os consorcios deberán presentar a seguinte documentación orzamentaria:

estados de gastos e ingresos, e de tesourería. Neste senso, a Resolución de 24 de xullo de 2009 da Dirección Xeral de Orzamentos, ao abeiro da Orde de 23 de Xuño de 2009, da Consellería de Facenda, para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2010 establece os formatos aos que deben acomodarse.

CONSORCIOS	Gastos	Ingresos
Consortio Audiovisual de Galicia	581	581
Consortio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar	54.719	54.719
Instituto de Estudos Turísticos	607	607
C. de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia	678	678
Consortio Rede Abastecemento Auga Cervo Burela	2.276	2.276
TOTAL	58.861	58.861

(Miles de Euros)

CONSORCIOS	Transferencias correntes	Transferencias de capital
Consortio Audiovisual de Galicia	0	245
Consortio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar	48.291	225
Instituto de Estudos Turísticos	382	225
C. de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia	97	0
Consortio Rede Abastecemento Auga Cervo Burela	0	48
TOTAL	48.770	743

(Miles de Euros)

VIII. DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

O SECTOR PÚBLICO GALEGO

A lei 3/2009, do 23 de xuño, pola que se modifica o artigo 48 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, pon de manifesto o compromiso desta Comunidade por adaptar a súa normativa aos principios reitores aos que debe adecuarse a política presupostaria do sector público, en orde á consecución da estabilidade e o crecemento económico.

Nesta orde, o Real Decreto Legislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de Estabilidade Presupostaria, establece o ámbito subxectivo que integra o denominado sector público e o delimita, con carácter xeral, sinalando que para as Comunidades Autónomas estará composto pola súa administración e polos entes e organismos públicos dependentes daquela, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

A modificación da lei galega, diríxese, precisamente, a determinar os organismos e entes cuxos orzamentos se integran nos da Comunidade Autónoma de Galicia, de modo que aos xa tradicionais organismos autónomos, axencias públicas, entidades de dereito público con personalidade xurídica e sociedades mercantís, veñen a incorporarse as fundacións públicas e os consorcios nos que concorran os requisitos determinados no Sistema Europeo de contas para a súa integración no sector da nosa administración pública.

Deste modo, a partir do ano 2010 a elaboración dos orzamentos da nosa Comunidade realízase no marco dos criterios de delimitación do sector dimanantes do establecido polo Sistema Europeo de Contas (SEC 95), que evidentemente non é un sistema directamente aplicable ao presuposto das administracións públicas nin á contabilidade patrimonial, pero que si se ten que aplicar para definir a capacidade ou necesidade de financiamento.

VIII. Datos consolidados do sector público autonómico

Neste primeiro exercicio, a aposta realizada pola clara delimitación do sector público galego vai permitir facer máis transparente a súa actividade, vai introducir unha notable mellora da información presupostaria e vai afondar na consideración global da actuación pública da nosa administración, de maneira que esta se mostrará con independencia da forma institucional ou da fórmula de participación que se estableza para xestionar os recursos públicos galegos.

O seguinte cadro ofrece información relevante sobre o impacto que para o 2010 ten a aplicación da nova normativa, de maneira que no caso das novas entidades que se integran no orzamento se produciu un incremento substancial respecto á situación existente nos orzamentos do ano anterior.

Subsectores	2009	2010
Administración Xeral	1	1
Organismos autónomos administrativos	10	10
Organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos	2	2
Axencias públicas autonómicas	1	1
Entidades de dereito público	12	12
Sociedades mercantís	20	20
Fundacións	6	47
Consortorios	0	5
Total	51	98

Esta circunstancia determina que se ofrezca información sobre un gasto de máis de 137 millóns que non estaban recollidos nos orzamentos de 2009 e que se poñan de manifesto transferencias internas que ata este ano non eran consideradas na fase de elaboración e aprobación do presuposto, o que permite obter a imaxe completa das contas do sector sector público autonómico.

Respecto aos diferentes tipos de entidades que integran os orzamentos sectorizados da comunidade autónoma, destacan dous grandes agrupacións:

- a. Entidades con orzamentos limitativos, a administración xeral, os organismos autónomos, as axencias públicas autonómicas e os consorcios do artigo 48.1.g do TRLFO.
- b. Entidades con orzamentos estimativos, son as sociedades públicas autonómicas do artigo 12 do TRLRFO, entes de dereito público e sociedades mercantís, e as Fundacións do artigo 48.1.f do TRLRFO.

SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

2010

miles de euros

I. ORZAMENTO LIMITATIVO	1. Administración Xeral	11.371.002
	2. OO.AA. Administrativos	3.824.202
	3. OO.AA. Comerciais, Industriais, Financeiros ou	269.432
	4. Axencias públicas autonómicas	14.262
	5. Consorcios	58.861
	6. Total sen consolidar (1+2+3+4+5)	15.537.759
	7. Operacións internas	-3.842.178
	8. Total consolidado (6+7)	11.695.581
II. ORZAMENTO ESTIMATIVO	9. Sociedades públicas mercantís	1.105.363
	10. Entes de dereito público	1.059.901
	11. Fundacións sector público autonómico	203.601
	12. Total sen consolidar (9+10+11)	2.368.865
	13. Operacións internas	-537.309
	14. Total consolidado (13+14)	1.831.556
	15. TOTAL SEN CONSOLIDAR (6+12)	17.906.624
	16. TOTAL OPERACIÓNS INTERNAS (7+13)	-4.379.487
	17. TOTAL CONSOLIDADO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO (15+16)	13.527.137

**IX. O MARCO JURÍDICO.
COMENTARIOS AO TEXTO
ARTICULADO**

O texto articulado, xunto aos estados numéricos, constitúe o núcleo fundamental de toda lei de orzamentos, por canto incorpora a ordenación xurídica da actividade económico financeira da Comunidade Autónoma para o ano do que se trata. No mesmo, figura a aprobación dos ingresos que se esperan recoñecer e a autorización dos gastos que como máximo se poderán realizar; así como tamén unha serie de normas de diversa índole que se consideran necesarias para conseguir unha mellor xestión dos recursos e dos créditos orzamentarios, facilitando de tal forma a consecución dos obxectivos que se pretende alcanzar.

O texto articulado da Lei mantén a estrutura de exercicios anteriores. Consta de seis títulos, que conteñen sesenta e un artigos nos que se inclúen disposicións referentes a diversas materias, once disposicións adicionais, unha disposición transitoria e catro disposicións derradeiras, que constitúen no seu conxunto o marco xurídico dos orzamentos do ano 2010.

O Título I "Aprobación dos orzamentos e réxime das modificacións de crédito", contén dous capítulos. O capítulo I determina o ámbito de aplicación e contido dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, que nos termos da Lei 3/2009, do 23 de xuño, pola que se modifica o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no o seu artigo 48, estará integrado polos orzamentos da administración xeral, os organismos autónomos, as axencias públicas autonómicas, así como os que corresponden aos entes públicos, ás sociedades mercantís, ás fundacións, aos consorcios e as demais entidades que se integren no sector da administración pública galega da acordo cos requisitos do Sistema Europeo de Contas.

Esta é unha das principais novidades da lei, xa que supón presentar os orzamentos da Comunidade Autónoma adaptados ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, coñecido como SEC 95, que maila non ser un sistema directamente aplicable ao orzamento das administracións públicas deberase ter en conta para definir a capacidade ou necesidade de financiamento. Neste senso, o obxectivo de estabilidade debe cumprirse non só na fase de execución orzamentaria, senón tamén na fase de elaboración e aprobación dos orzamentos, requírese, polo tanto, que na elaboración deban preverse forzosamente os axustes

positivos e negativos que se aplicarán aos ingresos e gastos consonte os criterios do SEC 95, considerando a tódolos entes ou entidades que integran legalmente o sector da administración pública autonómica de Galicia.

Así mesmo, neste capítulo, establécese o importe dos beneficios fiscais para o 2010.

O capítulo II, “ Das modificacións orzamentarias”, regula os principios que rexen as modificacións orzamentarias, as normas sobre o nivel de vinculación para determinados créditos orzamentarios, os créditos que teñen consideración de ampliáveis e as limitacións aplicables ás transferencias de crédito.

Entre as novidades desta lei destaca a consideración como ampliable do crédito destinado ao Fondo de Garantía de Avais, motivado polo incremento da morosidade no conxunto do sector financeiro, que determina que a actividade despregada pola administración autonómica no ámbito financeiro tamén ten en conta os actuais riscos, con dotacións para provisión de falidos situadas en niveis semellantes aos de mercado.

O Título II "Gastos de Persoal", está dividido en dous capítulos, que regulan, respectivamente, as “retribucións do persoal” e “outras disposicións en materia de réxime de persoal activo”.

Para o ano 2010, establécese un incremento retributivo do 0,3 % para o persoal ao servizo da Comunidade Autónoma. Neste senso, e dacordo co previsto na alínea 10 no artigo 38 da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, suspéndese a aplicación dos pactos ou acordos asinados que supoñan incrementos retributivos diferentes do sinalado con carácter xeral.

As retribucións dos altos cargos, como as dos titulares da presidencia, das consellerías, secretarías, e direccións xerais e asimilados, experimentarán unha redución do 3% no 2010, circunstancia que tamén resulta aplicable ás persoas titulares das delegacións territoriais da Xunta de Galicia. Ademais, os postos que nos centros xestores do Servicio Galego de Saúde, nas axencias públicas autonómicas, nos organismos autónomos, nas sociedades públicas, nas fundacións

e nos consorcios do sector público autonómico, que teñan retribucións iguais ou superiores aos postos con rango de director xeral, tamén experimentarán unha redución do 3% respecto das retribucións que percibiron no ano 2009.

Neste título, tamén se regula a oferta pública de emprego para o 2010, que como máximo alcanzará o 15% da taxa de reposición de efectivos, coa excepción das prazas para acceso ao corpo de funcionarios docentes, cobertura de prazas en hospitais e centros do Servizo Galego de Saúde, o persoal que teña encomendadas as funcións de xestión das políticas activas de emprego e prestacións desemprego, o persoal dos servizos de incendios e o persoal que teña encomendados os servizos relativos á atención ás persoas en situación de dependencia.

Complétase este título con dous artigos dedicados a establecer para o 2010 limitacións na contratación de persoal laboral temporal, por unha parte, no ámbito da Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos e axencias públicas, e por outra, no ámbito da administración institucional.

Finalmente, remata o título cun artigo relativo aos límites na contratación de persoal temporal nas encomendas de xestión e nos convenios que realice a administración da Xunta de Galicia coas fundacións e sociedades do sector público galego.

O Título III "Operacións de Endebedamento e garantía", contén dous capítulos. No capítulo primeiro "operacións de crédito" establece a contía máxima do incremento da posición neta debedora da Comunidade Autónoma, distinguindo, expresamente, o importe que corresponde ao financiamento de investimentos en programas destinados a atender actuacións produtivas que non excede do 0,25% do PIB. O restante endebedamento non supera o 2,5% do PIB, polo que a Comunidade se acomoda, estritamente, aos límites establecidos nos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2006, do 26 de maio, de reforma da Lei Orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade presupostaria.

No capítulo II "afianzamento por aval"; en liña co reforzamento do impulso ao apoio financeiro aos proxectos empresariais mantéñense a contía dos avais que pode conceder o Instituto Galego de Promoción Económica que se fixa en

cincocentos millóns de euros. Incorporárase como novidade a necesidade de dotar unha provisión para atender posibles falidos en cada operación de aval e en cada liña ou programa, conforme a contía que determine a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

O Título IV "Xestión orzamentaria", no seu único capítulo, introduce como novidade a regulación do momento no que realizárase a intervención previa dos procedementos de contratación de operacións de endebedamento.

En canto ás transferencias de financiamento, establécese o seu concepto e regúlase o réxime de libramento segundo a súa natureza corrente ou de capital. Polo que respecta ás subvencións nominativas, establécese o seu concepto, sinalase o réxime de modificación dos créditos previstos para elas e regúlase o seu réxime de pagamento.

Neste título procédese a determinación de exoneracións a certos beneficiarios de subvencións. Tamén se actualizan as contías dos módulos económicos de distribución de fondos públicos para o sostemento de centros concertados.

O Título V "Corporacións Locais", establece, como primeira novidade, as novas porcentaxes de participación dos concellos galegos nos tributos da Comunidade Autónoma, a través dos distintos compoñentes do Fondo de Cooperación Local.

Co obxecto de paliar os efectos que sobre a contía do Fondo de Cooperación Local ten a caída das previsións correspondentes aos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral, realízase un esforzo adicional nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia e constitúese, para o exercicio 2010, un Fondo Extraordinario no que participarán tódolos concellos galegos. A dotación deste fondo extraordinario, con máis de dezoito millóns de euros, compensa a caída que se produce na participación das corporacións locais nos tributos da Comunidade Autónoma. Os importes que se perciban polo fondo extraordinario dedicaranse a gastos de investimentos dos concellos, sen prexuízo de poder destinar o importe recibido por este fondo á cobertura dos seus gastos correntes cando as previsións de ingresos correntes dos concellos para o 2010 puideran comprometer a atención destes gastos.

No Título VI "Normas Tributarias", no capítulo I "tributos propios" procédese a manter as taxas de contía fixa e introdúcense modificacións en determinadas taxas, froito, principalmente, da reestruturación e adaptación das súas tarifas, e da modificación das regras previstas en algunhas das taxas que resultan aplicables nos portos da Comunidade Autónoma. Ademais, mantéñense os tipos de gravame do canon de saneamento e os coeficientes redutores destes tipos para industrias específicas.

En canto aos "tributos cedidos" no capítulo II, modifícase o artigo 6 da Lei 9/2008, do 28 de xullo, co obxecto de precisar determinadas cuestións relativas a redución pola adquisición de explotacións agrarias e elementos afectos. Tamén se modifica a disposición adicional primeira da mencionada lei, de cara a validación do requisito de identificación nas solicitudes previas de valoración.

Finalmente, nas once disposicións adicionais que inclúe a lei, abórdanse diversos aspectos entre os que hai que destacar a formulación técnica que posibilite a configuración da estrutura inicial do orzamento das axencias públicas autonómicas que se poidan constituír no exercicio, co obxectivo de incrementar o control da eficiencia do gasto público. Ademais, en relación coas propostas normativas ou a aprobación de plans e programas de contido económico, establécese a necesidade dun informe preceptivo da Dirección Xeral de Orzamentos sobre súa adecuación ao contexto de contención do gasto público.

Entre as disposicións adicionais destaca como novidade a que contempla as modificacións dos proxectos de investimento con cargo ao Fondo de Compensación Interterritorial, na que se atribúe a persoa titular da Consellería de Facenda a aprobación das variacións nos proxectos, o que permite axilizar os procedementos e conseguir aumentar o reembolsos correspondentes aos fondos de compensación no exercicio orzamentario.

Por último e dentro das disposicións derradeiras inclúese a modificación do artigo 11.3 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de precisar os convenios que requiren autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.